


Cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



INVERNO 1997

Número 20

400 Ptas.



**RESÍDUOS TÓXICOS
E PERIGOSOS**

FLORA AMEAZADA

**O TEIXO
ÁRBORE MILENARIA**

**CARBALLEIRA
DE SAN XUSTO**

**ENTREVISTA:
XAVIER VINA**

DOSSIER
ASEMBLEA
XERAL
DE ADEGA

FELICITA-TE ! XA TES POSTAIS




de Galicia



de Galicia




de Galicia



de Galicia



de Galicia




de Galicia




de Galicia




de Galicia



de Galicia



de Galicia



de Galicia



de Galicia

Fotografías e deseño de Xan G. Muras

COLECCIÓN DE UNHA DUCIA DE POSTAIS 1.200 pts. (gastos de envío 100 pts.)

PODES PEDILAS A ADEGA:

Rúa de Touro, 21 2º · Telf. (981) 57 00 99 · 15704 Santiago de Compostela

Forma de Pago:

- Xiro postal a nome de ADEGA
- Ingreso na conta de Caixa Galicia N.º 2091 0300 40 30401 19852, enviando xustificante do mesmo

EDITORIAL

Con retraso chega este renovado número de Cerna ás tuas máns, pero máis vale tarde que nunca, e máis aínda se é para mellorar e recuperar así o tempo perdido. Cerna inicia unha nova andaina, coa pretensión de mellorar a calidade gráfico-visual e diversificar os contidos, facendo-os amenos e de maior interese para todos e todas aqueles que queiran achegar-se ao ecoloxismo e á conservación da natureza. Ao longo dos restantes números deste ano esperamos ir dando-lle forma e consolidando esa nova diversidade.

Cerna quere facer que este proxecto sexa o de todos os seus lectores e lectoras e de cantos/as queiran contribuir á defensa da ecoloxía e da nosa natureza. Vai, por elo, unha chamada á participación, sexa remitindo cartas de opinión, denuncias, crítica... describindo actividades de tipo ambiental ou elaborando artigos.

Somos conscientes do monopólio informativo/deformativo ao que o sistema nos somete, agravado sen dúbida coa "nueva mayoría" que nos agasalla agora con pratos requentes que na Galiza xa saboreamos. O apoio incondicional do goberno de Madrid á incineración, a liberalización do uso do litoral, ou do uso do solo para fins urbanísticos, xunto co continuismo nos proxectos de infraestructuras de transporte (ligado ao abandono do ferrocarril na Galiza), son algunhas das ideas que o sistema informativo/deformativo ten por misión inculcar-nos. De aí a importancia da consolidación de Cerna.

ACTUALIDADE

- 4 Modificacións no plano de SOGAMA. *Por M. S.*
- 6 Vinte ecoloxistas xuzgados por coaccions.
- 7 Unha alternativa para o lixo da Coruña. *Por M. S. / Cerna.*

ENTREVISTA

- 9 XAVIER VINÑA. *Por Xesús Pereiras / Cerna.*

A NOSA FLORA

- 12 O TEIXO árbore milenaria. *Por Elvira Cienfuegos.*

RESIDUOS

- 14 Residuos tóxicos e perigosos na Galiza. *Por M. Soto Castiñeira.*

DOSSIER

Páxinas centrais.

CONSERVACIÓN

- 20 Flora ameazada. *Por S. Ortiz, J. Rodríguez-Oubiña & I. Iglesias*

A NATUREZA NA LITERATURA

- 22 Xavier Seoane. *Por Emilo Xosé Ínsua.*

ARTIGOS

- 25 Carballeira de San Xusto. *Por Manuel Reboredo Tajés.*
- 27 Portugal. (Breves). *Por Xosé M. Veiras.*

ACTIVIDADES

- 28 En defensa dos camiños de ferro.
- 30 Asemblea Xeral de ADEGA. *Por Elvira Cienfuegos.*



REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA E MEIO AMBIENTE

Rúa de Touro, 21 2º
Telf. e Fax. (981) 57 00 99
15704 Santiago de Compostela

CONSELLO DE REDACCIÓN
Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Emílio
Ínsua, Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe
Salvadores, Manuel Soto, Tito Soto

EDITA
ADEGA (Asociación para a Defensa
Ecolóxica de Galiza).
Febreiro - 1997

Tanto en artigos como noutras colaboracións,
respeita-se a normativa lingüística do autor.

CERNA non se fai copartícipe, necesariamente,
das ideas, opinións e afirmacións dos autores.

Todo o material da revista pode ser reproducido
sempre que se cite a fonte, esceptuando as
fotografías de portada e contra portada que sería
necesario contar co permiso dos autores.

CERNA edita-se en papel reciclado 100 %, para
preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do
lixo. As capas son de papel libre de cloro.

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Xan G. Muras

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Pepe Salvadores

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xan G. Muras

FOTOCOMPOSICIÓN
Punto Cardinal

FOTOMECÁNICA
4-Cromía

IMPRESIÓN
Litonor

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677

MODIFICACIONES NO PLANO DE SOGAMA DE XESTIÓN DO LIXO

M.S

A finais de xaneiro constituíu-se a Comisión do Consello Galego do Meio Ambiente coa finalidade de analizar e emitir un ditame sobre os aspectos ambientais do Plano de Xestión de Resíduos Sólidos Urbanos da Xunta. Tráta-se da última versión do proxecto aprobado polo Consello da Xunta en xaneiro de 1992, hai nada menos que 5 anos.

O documento que se somete a valoración consta dunha Memória xustificativa, a modo de resumo, e de tres tomos: i) Programa de Valorización, ii) Programa de Eliminación Final e iii) Estudo de Efeitos Ambientais. No momento de escribir estas liñas, ADEGA, que está representada na referida Comisión desde a que tivo acceso á documentación, está a realizar unha valoración en detalle do plano, polo que aquí só apuntaremos algúns aspectos parciais do mesmo.

En relación ao proxecto de 1992, hai algunhas variacións de importancia, aínda que o enfoque segue a ser o de incineración como única forma de transformación e/ou eliminación do lixo. O tomo 2 fala, porén, de recollida selectiva, para o cal se prevé unha dotación en colectores de papel, vidro e plásticos, nun número que non supera

en moito a cantidade de que se dispón hoxe para papel e para vidro en moitas localidades. O número de colectores é incluso inferior ao hoxe existente nalgúns casos, prevendo-se en xeral unha dotación de 1 ou 2 colectores por concello. As cifras globais para todo o país son as seguintes: colectores de vidro, 518; colectores de papel, 850; colectores de plástico: 1275.

Esta modificación do plano veu forzada non só polas campañas de concienciación realizadas na Galiza, senon tamén pola adopción no estado español de normativa como a Lei de Envases e Resíduos de Envases, que obriga a unha reciclaxe mínima do 25% destes, aínda que dudamos que o actual plano da Xunta poida acadar esta cifra, de por sí reducida.

Por outro lado, a oposición veciñal ás diferentes instalacións do plano, foi levando á súa reordenación progresiva, que conduciu finalmente a unha única planta de elaboración de combustíbel (antes contemplávanse catro, unha por provincia) a situar en Cerceda, a onde se ha de transportar todo o lixo. A capacidade da incineración tamén sufriu unha merma, falando-se agora de só 475.000 Tm/ano, algo menos do 60% do lixo total.

Podería pensar-se que esta redución ten que ver coa consideración da recollida selectiva, pero a análise do plano mostra-nos que alí onde consiga implantar-se conta-se coa totalidade do lixo con destino á incineración. Isto mesmo se desprende claramente do borrador de convénios que SOGAMA propón aos concellos, segundo o cal estes serán penalizados no caso de que as cantidades de lixo a entregar se visen reducidas en máis dun 5%. A redución da capacidade da incineradora ten máis que ver co alto coste desta alternativa, especialmente para os concellos pequenos e afastados, e coa constatación de que moitos concellos preferirían entón calquera outra alternativa, sen desbotar que se continue co vertido incontrolado, sempre permitido polas autoridades da Xunta.

Claramente, o plano de SOGAMA non vai acabar cos numerosos vertederos incontrolados. No propio documento indican-se 8 áreas preferenciais para a instalación de empacadoras, que coinciden co eixo Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo. O resto dos concellos non se lles ofrece ningunha solución adecuada ás súas necesidades, ao tempo que se segue a discriminar calquera outra alternativa racional de xestión do lixo que non pase pola incineración.

Ante as trabas ao debate no seo do Consello Galego do Meio Ambiente (que se limitará a unha Comisión reducida e pechada, poñendo incluso trabas á distribución da documentación) e o feito de que moitas organizacións e sectores sociais non están presentes no mesmo, ADEGA ten previsto convocar unha reunión aberta onde se poda coñecer con detalle o alcance do plano. Por outro lado, calquera persoa interesada poderá contactar con ADEGA para recabar máis información.



FOTO: Manolo Soto

Vista do vertedeiro municipal de Teo

Contacto

ADEGA: Rúa de Touro 21-2º; 15704-Santiago. Tel. 981-570099

APOIO ECOLOXISTA AO PLAN DE XESTIÓN DO LIXO DA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO

REPRESENTANTES DA FEG, ADEGA E LUITA VERDE REALIZARON UNHA VISITA AO MORRAZO E PARTICIPARON NUNHA CHARLA ORGANIZADA POLO CONCELLO DE CANGAS.

A Federación Ecoloxista Galega (FEG, integrada por perto de 40 colectivos ecoloxistas de toda Galiza), a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e o colectivo Luita Verde do Morrazo manifestan o seu apoio ao plan de xestión do lixo aprobado pola Mancomunidad de Concellos do Morrazo, no que se inclúen os concellos de Cangas, Bueu e Moaña. Os mesmos colectivos solicitan de Marín a súa incorporación ao proxecto de reciclaxe do Morrazo, así como o rexeitamento por parte do concello de Vilaboa da instalación no seu territorio da polémica planta empacadora de Guixar, de onde sería trasladada.

Con todo, o alcalde de Cangas confirmou que Marín rexeitara participar no plano e que os restantes tres concellos seguirán adiante co proxecto, que conta cunha subvención da Unión Europea. A mancomunidad ten de prazo até o mes de xullo para presentar o proxecto definitivo ao programa POMAL. Para entón deberá-se ter reactualizado o plano para os tres concellos (55.000 habitantes no canto duns 80.000 iniciais) e aprobado en pleno a súa adhesión ao mesmo.

Os responsábeis municipais mostraron a súa confianza en que o proxecto de recollida selectiva e reciclaxe comezará a andar a finais de ano.

Asimesmo, os concellos teñen previsto ou están realizando unha serie de melloras nos actuais vertedeiros, como solución provisional até a adopción do novo plano.



A PANTASMA DA TERMOLISE PERCORRE O PAIS.

Diferentes empresas, algunhas delas as mesmas que as de incineración, adican-se ultimamente a visitar os concellos e ofrecer-lles a termolise como solución novedosa e ecolóxica para a xestión do lixo. Din que permite reciclar a totalidade do lixo e que non contamina nada. Vilagarcía, O Carballiño, ou A Coruña son algúns dos concellos que por un tempo (no caso de Vilagarcía xa se botaron atrás) acreditaron na solución máxica.

Unha vez mais confunde-se gato con lebre. Aportaremos aquí unha explicación mui breve do que é a termolise, aínda que quen queira mais informa-

ción poderá contactar con ADEGA. A termolise consiste nun proceso de tratamento térmico do lixo (ou doutro resíduo ou combustíbel) polo cal a masa de lixo se separa en dúas partes, unha sólida a modo dun resíduo carbonoso, e outra gasosa. Ambas fases manteñen o poder calorífico, e o seu destino é a combustión posterior para aproveitar ese calor. Depois da termolise do lixo ven por tanto a combustión do gas e do resíduo sólido, tratando-se en realidade dunha simple separación en dúas etapas do proceso de combustión, que na incineración se realiza nunha única etapa. A implantación e operación é aínda mais complexa que a dunha incineradora.

A valoración ambiental da termolise é por tanto mui similar á da incineración, xa que destrúe os materiais que deberían ser recollidos e aproveitados mediante a reciclaxe, ao tempo que non evita a contaminación, que agora se xenerará non só na segunda etapa de combustión, senon mesmo no proceso de termolise. A eficacia de recuperación enerxética é reducida, e a tecnoloxía non está provada para utilizar de forma fiável un material tan heteroxéneo como é o lixo urbano.

Cabe lembrar que FENOSA tivo en funcionamento unha planta experimental de termolise para o aproveitamento de biomasa forestal, que acabou abandonando por falta de viabilidade. Por outro lado, sen dúbida hai incautos que se confían nas boas palabras de executivos foráneos, pero este non semella ser o caso do alcalde de A Coruña, onde non alcanzamos a ver na súa adhesión á termolise outra cousa que unha cortina de fume ou unha xustificación momentánea.

A JUNTA NOM TEM CONTENTORES DE RECOLHIDA SELECTIVA PARA OS CONCELHOS

Mais unha vez o Goberno Galego vem de demostrar o seu nulo interese pola reciclaxe do lixo. Depois de anunciar a distribución de contenedores para a recollida selectiva, e de publicar esta convocatória no DOGA para que os concellos solicitaram estes contenedores, encontramos-nos que a Consellería de Política Territorial tem que reconhecere que as solicitudes desbordam as súas previsións, e mesmo que carece de contenedores para papel (um dos mais demandados) e para metal, só estando em condicións de atender a demanda dos recipientes para recoller pilhas.

CONTENTORES

	Demandados	Disponíveis
PAPEL	2568	0
VIDRO	2672	148
METAL	1092	0
PLASTICOS	1274	138
PILHAS	1842	1817
GENERICOS	15545	2078

EN LUGO

VINTE ECOLOXISTAS XUZGADOS POR COACCIÓN

O pasado 28 de Xaneiro, vinte membros da Plataforma pola Defensa do Miño comparecían ante o xulgado do Penal de Lugo acusados de cadaseu delito de coaccións, polos que o fiscal solicitaba entre tres e seis meses de arresto-, por paralizar, no verán do 1.995, as obras de movemento de terras que, sen o correspondente permiso da Confederación

taba por verse obrigada a comparecer ante a Xustiza polo simple feito de expresar o seu desacordo coa urbanización dunhas beiras do Miño que convertidas en Zona Verde e Recreativa deberan de ser a seña de identidade da cidade no lugar de seren privatizadas a favor dun Recinto Feiral que, en tal ubicación, constitue un verdadeiro atentado ecolóxico, cultural e urbanístico

cipando nas manifestación convocadas POLA DEFENSA DO MIÑO.

Desde Adegas-Lugo, -que codo a codo colaboramos cos demais membros da Plataforma-, queremos, antes de nada, expresar a nosa solidariedade con todos os encausados e transmitir-lles o ánimo necesario para que, despois desta vitoria ante un Ministerio

Fiscal que se ve obrigado a retirar os cargos, ninguén decaiga no camiño, por máis que se vexa como as obras do Recinto Feiral están indo adiante. Certo que esta loita non conqueriu o resultado que dela se pretendía, mais si o de desenmascarar ante a opinión pública as intencións especulativas dos sucesivos gobernos municipais e da Diputación Provincial. Ninguén entende, ao respecto, que, habendo disponibilidades para unha ben millor ubicación para unha Feira-Exposición, -con maior espacio, millores accesos e máis doada realización-,



Concello, Diputación e Consellería de Industria promovesen tal ubicación, o mesmo que antes tiñan consentido coa ubicación de CONTINENTE nas mesmas beiras do Miño.

Todas e todos somos conscentes de que falta aínda moita sensibilidade na conciencia de cada cidadán e na vontade de cada institución. Todas e todos botamos tamén de menos unha lexislación que nos dé aos grupos ecoloxistas máis medios económicos e legais cos que enfrontarnos aos intereses especulativos que, con acelerada forza, amezan ao noso patrimonio natural máis valioso. Mais todos sabemos que, pese a todo, nengun esforzo é baldío.



Hidrográfica e sen siquera Licencia Municipal, a Fundación "FERIAS Y EXPOSICIONES DE LUGO" estaba a realizar nas beiras do Miño, ao seu paso pola cidade de Lugo, para construír nelas un Recinto Feiral de dubidoso futuro.

O xuízo non chegou a celebrarse, ao retirar o Ministerio Fiscal os cargos principais da acusación deixando a calificación dos feitos en simple delito de faltas. Isto supuxo a redución das penas a unha sanción de 5000 pesetas para cada un e ao pago de 240.000 pesetas en concepto de indemnizacións.

Ese mesmo día a Plataforma facía público un comunicado no que protes-

contra o patrimonio natural e paisaxístico máis sinificativo da cidade de Lugo. No mesmo comunicado, a Plataforma, ao tempo que mostraba a súa solidariedade con todos os encausados e anunciaba non estar disposta a pagar sanción algunha, manifestaba a súa disposición a seguir traballando na Defensa do Miño e a seguir vixiante na loita contra esta urbanización especulativa que, dende a ubicación de CONTINENTE sobre unha centenaria carballeira das beiras do Miño, parece querer converter ao río nun simple caudal de auga canalizado. Nesta intención sabe que non pode contar co apoio das institucións, pero conta coa simpatía de miles de cidadáns de Lugo que xa por dúas veces fixeron patente o seu apoio parti-

PROPOSTA BÁSICA ELABORADA POLA COMISIÓN CIDADANA
PARA A XESTIÓN ECOLÓXICA DO LIXO.

UNHA ALTERNATIVA PARA O LIXO DA CORUÑA

M. S. / Cerna

A Comisión Cidadana pola Xestión Ecolóxica do Lixo de A Coruña presentou unha proposta básica para a elaboración dun Plano de Xestión do lixo, que consta de 6 subprogramas de actuación:

1. Subprograma de Motivación (información e concienciación) social.
2. Subprograma de Investigación, Desenvolvemento e Promoción (de mercado para produtos recicláveis e de medidas de redución e reutilización).
3. Subprograma de Recollida Selectiva.
4. Subprograma de Tratamento (e acondicionamento para a reciclaxe e para o vertido controlado).
5. Vertedeiro controlado de fraccións non recicláveis.
6. Subprograma de seguimento e mellora do plano.

OBXECTIVOS

Propón-se unha recollida selectiva de tipo mixto, baseada na utilización de dous colectores para a fracción húmida (matéria orgánica compostável, MOC)

e para a fracción seca ou resto (R), e de tres colectores para a recollida de materiais inertes recicláveis separados directamente en orixen: Vidro (V),

51% de reciclaxe. Nos cinco anos seguintes (horizonte 2005), o afianzamento do plano permitirá incrementar a eficacia da recollida selectiva de cada



Papel/Cartón (P/C) e Envases Lixeiros (EnL). Nesta fracción recollen-se conxuntamente envases metálicos, envases de plásticos duros e tetrabrics, entre outros.

A Comisión considera viábel un obxectivo de recollida selectiva nun primeiro horizonte (ano 2000) do 60% para cada fracción, o que resulta nun

fracción, situando-se nun 70% para P/C, e nun 80% para V, MOC e EnL. Con elo acadará-se o 67% de reciclaxe no ano 2005. A fracción con destino a vertedeiro controlado somete-se a un proceso de inertización por compostaxe e compactación, polo que se reduce a un 35% en peso do lixo orixinal e a un 16% en volume no ano 2000, e a un 23% e 10% respectivamente no ano 2005. Desta forma conseguimos reducir a cantidade de lixo que vai ao vertedeiro nun 77% en peso e nun 90% en volume con relación á situación actual. O obxectivo de redución en orixen (programas de Redución e Reutilización) é do 8% sobre o global para o ano 2005, aínda que xa se podería obter certa redución no ano 2000.

A fracción de envases lixeiros someterá-se a un proceso de separación en destino, mentres que as fraccións de papel/cartón e vidro se comercializarán directamente. A matéria orgánica destina-se a dúas plantas de compostaxe, unha aeróbia ou convencional, e outra anaeróbia. Esta última permite obter biogás ademais de compost, equilibrando o

OBXECTIVOS GLOBAIS

	ANO 2000	ANO 2005
TOTAL REDUCIÓN (% en peso)	0 (estabilización)	8
TOTAL RECICLADO (% en peso)	50.8	66.9
% en peso perdas proceso inertización (sobre RSU):	13.8	9.2
A VERTEDEIRO CONTROLADO		
Tm/ano:	51.384	32.015
% en peso:	35.4	23.9
m³/ano	46.713	29.105
% en volume sobre 1996:	16.0	10.0

balanzo enerxético do proceso de compostaxe. A alternativa de recollida selectiva opta claramente pola calidade dos produtos a reciclar antes que pola súa cantidade, o que lle permitirá competir con vantaxe nos mercados da reciclaxe.

Os costes de tratamento sitúan-se entre as 827 e as 1985 Ptas/Tm, dependendo da subvención recibida e da situación do mercado de recicláveis. En calquera caso, son significativamente inferiores aos costes do plano SOGA-

MA. O coste da recollida selectiva sitúase entorno ás 5.000 ptas/Tm, e o de concienciación e desenrolo (suprogramas 1 e 2), nunhas 1000 ptas/Tm. En todas as cifras inclúense costes de funcionamento e financiamento.

OBXECTIVOS DA PROPOSTA BÁSICA PARA A CORUÑA (ELABORADA PARA UNHA POBOACIÓN DE 400.000 HABITANTES, OU 146.000 TM/ANO DE RSU).

OBXECTIVOS POR FRACCIÓN

XENERACIÓN	OBXECTIVOS ANO 2000				OBXECTIVOS ANO 2005				
	ACTUAL		RECUPERÁVEL (60%)		%RED.	RSU	RECUPERÁVEL		
	Tm/ano	%	Tm/ano	% RSU	%Fr.	Tm/ano	%Fr.	Tm/ano	%RSU
MOC	73.000	50	43.800	30.0	-	73.000	80	58.400	43.6
P/C	36.500	25	21.900	15.0	-	36.500	70	25.550	19.1
V	10.220	7	6.132	4.2	25	7.665	80	61.32	4.6
EnL	14.600	10	8.760	6.0	25	10.950	80	8.760	6.5
Resto	11.680	8	65.408	44.8	50	5.840	-	35.113	26.2
TOTAL RSU	146.000	100	146.000	100	8	133.955	-	133.955	100

Notas: MOC: materia orgánica compostável; P/C: papel/cartón; V: vidro; EnL: envases lixeiros.

NOVA ALARMA

A CANTEIRA DE CALIZA DA SERRA DA LASTRA

A empresa Cedie, despois de ser desestimado o seu primeiro proxecto de ubicación dunha canteira para a explotación de caliza na Serra da Lastra, na raia da provincia de Ourense coa de León, tras a forte oposición de diversos colectivos ecoloxistas da Galiza e do Bierzo, ameaza agora con outro proxecto similar aínda que cunha ubicación algo distinta. O primeiro proxecto foi amplamente contestado e finalmente desestimado pola Xunta de Galiza, entre outras razóns, pola presenza nesas calizas dunha flora única, cunha serie de endemismos practicamente exclusivos dese territorio. Agora, no novo proxecto presentado pola empresa, a área onde se explotará a canteira parece estar maioritariamen-

te ubicada na provincia de León onde a administración semella máis permisiva, ao menos no relacionado con este asunto. Como o primeiro proxecto tivo a firme oposición de diversos investigadores da Universidade de Santiago, agora a empresa di contar cun informe favorable dun coñecido catedrático que, segundo a empresa, asegura que a canteira non causará ningún dano importante á flora e á fauna.

No último xaneiro, colectivos culturais e ecoloxistas veñen de conformar a Coordinadora en Defensa da Serra da Enciña da Lastra, da que tamén forman parte algúns grupos políticos. Os obxectivos desta Coordinadora son opoñerse a calquera nova explotación

na zona, investigar a situación legal das explotacións existentes, e promover a restauración dos espazos afectados polas explotacións xa abandonadas. A Coordinadora decidiu dirixirse ás diferentes administracións implicadas para expoñerlle esta problemática e solicitar unha reunión multilateral para a búsqueda de solucións. A portavoz para Galiza da Coordinadora é Celia Moldes.

Contactos

Celia Moldes, 32311-A Veiga de Cascallá.
Rubiá, Ourense. Tel. 988-342035

As persoas interesadas tamén se poden dirixir á ADEGA.

ENTREVISTAMOS HOXE A XAVIER VIÑA, XERENTE DO GRUPO ARGOAT SITUADO EN PAZO DE GALEGOS, NO CONCELLO DE FRADES, E QUE ESTÁN ESPECIALIZADOS NA PRODUCCIÓN DE PLANTA DE FRONDOSAS CADUCIFÓLIAS. XAVIER VIÑA TAMÉN OCUPA NA ACTUALIDADE A PRESIDENCIA DA ASOCIACIÓN DE VIVEIRISTAS GALEGOS. É, POR TANTO, A PERSOÀ IDÓNEA PARA ANALISAR OS PROBLEMAS DO SECTOR VIVEIRISTA, E DAS POSIBILIDADES DAS ESPÉCIES CADUCIFÓLIAS COMO UNHA ALTERNATIVA, NON SÓ DESDE O PONTO DE VISTA ECOLÓXICO, SENON TAMÉN PRODUTIVO CON VISTAS A EXTRAER RENDABILIDADE DOS NOSOS MONTES.

ENTREVISTA CON XAVIER VIÑA XERENTE DO VIVEIRO ARGOAT


Xesús Pereiras/CERNA

Primero e antes de nada, podemos explicar un pouco cal é a vosa especificidade empresarial dentro do sector florestal?

Nós, como grupo empresarial, somos o seguinte: Argoat que é a cabeza do grupo produce planta, produce semente, e traballa no tema dos inxertados. Argoat significa terra de bosques, na mitoloxía celta tiñan dúas denominacións para chamar-lle a terra, unha argoat (terra de bosques) e outra armor (terra de mar); a idea de argoat é a do bosque e está especializado en frondosa caducifolia. A partir de Argoat, crea-se Boibel Forestal, que é empresa de enxeñaría e de servizos florestais (proxectos, execución de obras, reforestacións, tratamentos fitosanitarios, podas, todo o relacionado coa xestión do patrimonio florestal...). Boibel chama-se así porque no oráculo céltico a tribu dos Boibel foi a que transformou o territorio e formou o bosque, Boibel está, por tanto, relacionado coa capacidade transformadora.

Como xerente dun viveiro privado, cal é a importancia, neste momento, dos viveiros privados con relación aos públicos? e que papel crés ti que deben xogar cada un deles?

Ben, despois das grandes forestacións da década do 50, feitas polo Estado, o que se chamaba "a forestal", onde había viveiros a pé de repovoación, viveiros voantes, fundamentalmente con planta á raíz núa e de coníferas, pasou-se a finais dos 80 a abrir-se ao mercado privado. Hai que entender que os viveiros forestais forman parte da economía política, entendendo por isto todo aqueles sectores que non sendo rentábeis no libre mer-



cado, sono desde un punto de vista de necesidade social. A sociedade necesita que se produza planta para repovoar e para conservar e mellorar os códigos xenéticos das especies forestais, enton ten dúas posibilidades que se faga pola administración pública con perdas ou que se faga por viveiros privados con axudas públicas aos investimentos, que se tería que entender que sempre son inferiores ás perdas que o Estado lle costaría levar a cabo a iniciativa. Así os viveiros están a recibir axudas via CEE/Ministerio/Xunta e poñendo-se a producir planta, desenvolvendo-se nos últimos anos a iniciativa privada neste sector.

Entón desde o teu punto de vista aos viveiros públicos queda-lles algún papel?

Nestes momentos, queda-lles a inercia, seguen a producir a raíz núa, todo o que é produción en contedor realiza-a o sector privado, todo o que son especies como o eucalipto só o produce a iniciativa privada. Eles están a

producir só piñeiros (*radiata*, *silvestris* e *pinaster*), castiñeiro híbrido, e algo (moi pouco) de carballo americano e nogueira así como algunhas árbores de nadal. Nos entendemos que isto ten que ir desaparecendo e así o recoñecen a maioría das administracións, aínda que tamén nestes anos encontramos casos de empresas públicas (100% capital estatal) que incrementaron moito a súa capacidade de produción.

Nós creemos que os viveiros públicos poderían ter un papel importante a nivel científico, coordinados con centros de investigación, en temas como a mellora xenética etc.... Crés que isto se podería facer desde a iniciativa privada?

En calquer sistema de produción hai dúas partes, unha corresponde á ciencia e outra á tecnoloxía. A ciencia precisa planificación, grandes presupostos e visión a longo prazo, e a tecnoloxía compra-se e é un problema de xestión. A ciencia non pode neste momento estar na iniciativa privada, polos grandes investimentos e a visión a longo prazo, salvo no caso das multinacionais. Mas este sector non dá para multinacionais, somos empresas pequenas e medianas e mesmo empresas familiares, entón o que si pode realizar e a tecnoloxía. O sector dos viveiros incorporou máis tecnoloxía e máis facultativos nos últimos 6 anos que nos 20 anteriores: todo o que é produción en cepellon, repicados a raíz núa, estaquillados, etc...

Agora ben outras cuestións son máis difíciles desde o sector privado, por exemplo para realizar un horto semillero que produza semente seleccionada, require-se espazos de 10-15 anos polo menos, desde que inicias as xes-

tións, recollida de material, inxertas e demais, precisas homologacións, etc... Polo que é difícil desde o sector privado. Pero este vai ser unha das maiores demandas o material seleccionado.

Con relación a isto, ADEGA ven denunciando desde fai moitos anos, a escasez de planta autóctone, concretamente de castiñeiro onde era mui inferior á oferta que a demanda. Sabes como está hoxe o panorama?

Na única planta na que os viveiros privados non somos capaces de abastecer o mercado é precisamente en castiñeiro. Tardaremos de 2 a 3 anos en solucionar isto. Concretamente na nosa empresa estamos especializados na produción de castiñeiro híbrido, e en 2 anos estaremos xa en plena produción.

Non cres que se en Galiza se realizan recuperacións de terreos degradados, taludes de estradas, etc... con planta autóctona; ou se fixesen plans de recuperación ecolóxica de certas zonas, non con árbores madeiráveis, senon con outras especies que tiveran interese especial, estou pensando nos acivros, teixos, érvedos, sobreiras, especies de ribeira, etc...Cres que teriamos oferta de planta suficiente?

*Producir érvedos non é ningún problema, reproducimo-los por estaquilla, e podemos ofertar os que o mercado demande a prezos razoábeis. De sobreira, con semente galega sería difícil nestes momentos sacar grandes cantidades, pero con semente do sur poderíamos producir nun ano as que se quixesen. O mesmo nos sucede co carballo (*Quercus robur*), o problema é conseguir semente selecta de aquí de Galiza, e isto si que non é algo que se faga dun día para outro. Nos países cos que nós temos relación, levan moitos anos traballando nisto, con selección de pés, establecemento de hortos sementeiros...*

Neste sentido a Xunta ten declarado varios rodais selectos, para producir semente de calidade...

*Si pero neste momento só hai tres de *Quercus robur*. E os rodais hai que cuidá-los, poñê-los a producir semente en condicións, e os que hai declarados non producen semente dabondo para a demanda que pode haber. Hai pouco*

*vimos de ver hortos de sementes no sul da Franza de *Pinus pinaster*, e no norte de *Pseudosuga*, e rodais seleccionados de *Quercus Petrae*, etc... e levan moitos anos xa, cunha planificación, con selección de sementes, etc...*

Por tanto unha vez conseguida a semente non teriades problemas de produción...


Non, nós na capacidade de produción planificada de planta e a prezo de mercado, non temos ningún problema. Excepto con castiñeiro híbrido, como antes comentaba.

Que método utilizades para reproducir este castiñeiro?

Hai tres líneas e nos traballamos as tres: via estaquilla, via acodo, e aclimatación e engorde de planta propagada in vitro; e aínda así temos problemas, non está collido de todo o ponto, non sabemos que clons se van certificar, está-se traballando sobre varios clons, etc...

En certas zonas, onde non houbo problemas coa tinta, non sería preferíbel utilizar semente de castiñeiro do país (*Castanea sativa*), en vez dos híbridos?

Home, depende para que queiras ese castiñeiro, se o queres para castaña, para madeira... De todos os xeitos, mesmo para producir castaña, interesa-che un porta inxertos clonal (híbrido ou non) onde inserir a variedade que desexes (de cedo, de tarde, que



*sexa marron ou non...), e nun patron híbrido hai unha serie de factores que están controlados, cousa que non sucede co *Castanea sativa*, aínda que tamén é certo que sobre este non vai haber problemas de incompatibilidades que poden aparecer sobre patróns híbridos.*

Através da vosa empresa Boibel, tamén facedes plans de repovoacións, como vedes a demanda da xente cara as reflorestacións con frondosas caducifólias?

Ben, nós somos unha empresa específica. Cada empresa ten o seu lugar no mercado, e o noso foi a especialización en frondosas caducifólias. Por isto nas nosas plantacións vai fundamentalmente este tipo de especies, pero isto non quer dicir que o sector sexa iso. Se alguén quere repovoar con carvallos ou castiñeiros, seguramente recorra a nós, pero isto non é significativo do que sucede no conxunto do sector.

*Nós facemos uns cantos centos de hectáreas ao ano, que maioritariamente son reforestadas con frondosas caducifólias (carballos, castiñeiros, cerdeiras, nogueiras...). Aínda que tamén plantamos sequoia, e pseudosuga, especies pouco utilizadas no conxunto do sector, en cambio utilizamos pouco *P.radiata*, ou *E.globulus*, pero isto non é significativo do que está sucedendo no conxunto do forestal, non somos para nada representativos, do que nós facemos non podemos sacar conclusións xeralizábeis.*

Igual sucede co seguinte, nos producimos planta inxertada de árbores froiteiras do país: mazanceiras, pereiras, etc.. isto é representativo do que ocorre no sector? seguro que non, seguro que se venden moitísimas mais maceiras golden, que tres en rama, comoesa, etc...nas que nós estamos especializados.

En Cerna temos constancia da vosa sensibilidade ambiental, mesmo tedes colaborado con ADEGA, na campaña de distribución de Acivros. Como vedes desde a vosa experiencia, o problema da progresiva eucaliptización do territorio, e a perda progresiva de masas autóctones? Cres que se pode invertir ese proceso e que no futuro haberá mais demanda de caducifólias?

Nestes momentos hai unha relativa demanda de caducifolias, sendo o maior problema para nós a provisión de semente. Pero claro, cantos eucalip-tos se producen ao ano nos viveiros? Varios millóns, o mesmo de piñeiros, en cambio en castiñeiro ou carballo estamos en varios miles.

Pero o problema non estará na produción dos viveiros, existe todo un sector industrial no noso país que está especializado en usar un tipo de madeiras (eucalipto e piñeiro), iso sen dúbida condiciona as preferencias da xente a hora de facer unha reforestación, que irá cara especies con saída no mercado e con rendabilidade a curto prazo?

Eu o concepto de curto ou longo prazo, mesmo o concepto de rendabilidade relativizo-o moito sector forestal, todo isto depende de factores políticos, de como se leve a política de subvencións, de desgravacións fiscais. Se mañá se decide que todas as cortas de frondosas caducifolias sometidas a un plan de xestión non incrementen a conta de ingresos a declarar a facenda, seguro que iso terá unha resposta favorábel da sociedade e incrementará a rendabilidade das especies de turno de corta maior. Pero ademais temos que ter en conta que os turnos de corta non os marca a especie, marca-os a industria.

Por exemplo, o turno do eucalipto agora está en 12-18 anos, mentras celulosa siga demandando iso, no momento en que por calquer circunstancia lles deixe de interesar esa especie, automaticamente o turno de corta pasa



a ser de 40 anos. No piñeiro pinaster fai uns anos todos os aserradeiros querían toros de 20cm para arriba, hoxe están en 14cm, por cuestións tecnolóxicas, por falta de materia prima e porque hai que anualizar os rendementos, mesmo tende-se agora até os 10 cm.

Parece deducir-se do que dis, que para incrementar a rendabilidade das caducifolias, ademais da política de subvencións e de esencións fiscais que comentas, habería que fomentar tamén unha maior diversificación industrial?

Bon, a longo prazo cabe a posibilidade de facer mellora xenética para incrementar a produción, pero tamen cabe a posibilidade de fomentar industrias capaces de aproveitar eses produtos florestais cun ritmo máis rápido,

que é unha via que tamén se está a aplicar ao mundo das frondosas.

Neses sentido, cal é o turno de corta de carvallo, ou castiñeiro? pois depende para que?. Castiñeiros empregados en talladía, ou en cestería, teñen turnos de 7-8 anos. O ameneiro se é para tornear aproveita-se de 7 cm, por tanto ten un turno de 5-6 anos. O que nos marca isto é a industria, a sociedade ten que saber que tipo de política industrial quere aplicar aos seus bosques, por qué cadea de transformación quere apostar. Nestes momentos hai líneas de produción en Suecia, en Finlandia, en Alemaña, que precisan caducifolias de 10-14cm de diámetro, cantos anos tarda unha cerdeira en ter esos 14 cm?, ahí tes o seu turno de corta.

E realmente moi interesante esta conversa con Xavier Viña, interesante e esperanzadora para os que sempre defendimos as posibilidades produtivas das nosas especies caducifolias, para os que aínda esperamos ver algun día no noso país, bosques de carballos, de castañeiros, de cerdeiras, de nogueiras, de bidueiros,... xestionados racionalmente polos seus donos e dos que obteñan proveito, e que as múltiples vantaxes ecolóxicas e económicas revirtan tamén nunha mellor calidade de vida para todos.

Con esa esperanza deixamos as terras de Frades, onde o viveiro Argoat se asenta, e deixamos aberta para outra ocasión a posibilidade dunha reportaxe máis pormenorizada sobre as liñas de produción desta empresa e dos seus planos de futuro.

TENDAS COMERCIO XUSTO

As tendas de Comercio Xusto cren nun comercio no que as PERSOAS somos o primeiro, en potenciar organizacións que nos liberen (ós de aquí e ós de alá) das estruturas de EXPLOTACIÓN imperantes, en que os produtos crean LAZOS entre os produtores, os distribuidores e os consumidores.

Nelas podes atopar CAFÉ de 1ª cualidade pagado ás cooperativas nunha cantidade bastante superior á do mercado e a un prezo final similar ó actual, ARTESANÍA de cestería feita por nenos de Filipinas sacados da prostitución, VELAS de Soweto e que se comezaron a facer no tempo do Apartheid, papel reciclado, ROUPA de cooperativas guatemaltecas, bolsas de iute elaboradas en hospitais de Bangladesh, unha biblioteca especializada en temas sociais, económicos, pedagóxicos e moitas máis cousas. Moita máis información en:

A COVA DA TERRA

R/ San Pedro, 13
Galerías Novocentro
Telf. (982) 23 02 11

ARAO

R/ Elduayen, 8
Telf. (986) 48 63 42
VIGO

PANXEA

R/ Rosalía de Castro, 29 - 31
Galerías Belén, L 109
Telf. (981) 53 10 88
COMPOSTELA


O TEIXO

ÁRBORE MILENARIA

por Elvira Cienfuegos, Secretaria Xeral de ADEGA

“TALÁRONME OS GUE-
RREIROS PARA FACER OS
SEUS FORTES ARCOS

PERO AGORA SON A
ÚNICA ÁRBORE QUE
VIAXA CON ELES POR
TODO O MUNDO”
(DUN POEMA GAÉLICO. IDADE MEDIA)



De madeira dura, flexible e resistente, o teixo foi usado polos celtas para facer arcos e na construción dos castros. Os cadaleitos dos faraóns tamén levaban madeira de teixo. Na Idade Media talouse masivamente para a construción de barcos. Ata os nosos días chegaron estruturas feitas con teixo, como os eixos das prensas dos lagares, e a súa madeira segue sendo hoxe moi apreciada.

Outrora extendido por Europa, Norte de Africa e Asia Menor, na actualidade só quedan vestixios del. Da súa significativa presenza no noso país falan numerosos topónimos: Teixo, Teixedal, Teixedo, Teixidos, Teixido,...O Teixedal de Casaio -en Valdeorras-, cuns 300 exemplares, pasa por ser a máis importante concentración de teixos de toda Europa.

É, cabo dun xenebreiro, a única ximnosperma que aínda segue

medrando venturoira no país, gracias á dispersión que das súas sementes fan as aves: o arilo carnoso, vermello, atrae a moitos paxaros e a súa pulpa pegañenta adhíreselles ó pico, do que soltan a

semente, dura, cando é desprendida polo roce. Atópase nas Serras, nas orientais de Ancares e Courel (teixo de Piornedo, exemplares da Devesa de Rogueira), na do Xurés,... e chega ata a Fraga do Eume, sempre escaso, porque á súa tala masiva súmase a súa vulnerabilidade ó lume. Está presente, sen embargo, en moitos parques e xardíns, pola súa resistencia á contaminación atmosférica e a boa resposta á poda; cultívanse moitas variedades, das que as máis frecuentes corresponden ó teixo silvestre e ó chamado “teixo irlandés”, de porte columnar.

CARACTERÍSTICAS DO TEIXO

Disque pode chegar a vivir 2000 anos e coñécense exemplares de varios centos. Rara vez chega ós 20 metros de altura: 8-10 metros e a súa talla máis frecuente. Medra lentamente (20-30 cm por ano só cando é novo) e non forma aneis de crecemento; os exemplares moi vellos teñen oco o seu tronco. Gosta das zonas umbrías, neboentas, pero é moi sensible ás xeadas tardías; pode vivir en calquera tipo de solos, pero prefire os lixeiros e calíos, anque aquí é silicícola.

A copa é ampla tirando a cónica e o tronco, ás veces inexistente, pode ser corto ou longo, xeralmente avultado. As follas, case lineares e rematando en punta aguda, dispóñense en espiral aparentando que van en filas a cada lado das ponliñas.

Cada árbore é masculina ou feminina. As flores masculinas forman conos amarelentos de menos dun centímetro; desprenden a esfarna entre febreiro e abril. Os pés femininos, con flores solitarias e verdosas con aspecto de gromos, “fructifican” todos os anos se non están moi aillados dos masculinos. A

formación carnosa que rodea á semente, vermella na madurez, é comestible: é a única parte da



planta que non resulta velenosa cando se inxire. De todos os xeitos, e posto que moito é cuestión de dose, o teixo ten sido utilizado en medicina por conter moitos principios activos para a curación de diferentes males. A semente, que madura no ano, tarda 2 ou 3 en xerminar; pero tamén se pode reproducir por acodo e mesmo por escallo.

ÁRBORE DA MORTE, ÁRBORE DA VIDA.

Taxus baccata é o nome científico do teixo. O de *baccata* fai referencia ós seus "fritos", que semellan bagas. *Taxus* procede do grego "taxis" = ringleira, en alusión á disposición das súas follas; hai quen o relaciona con "tóxico" (veleno) porque o teixo, coñecido desde moi antigo, contén unha sustancia moi tóxica, a taxina. Sabíanos os celtas, que envelenaban as súas frechas co zume da árbore; e contan as lendas que cando Augusto invadía Galicia os seus poboadores subiron ó Monte Medulio e alí se suicidaron bebendo infusión de follas de teixo. Sabíanos os romanos, que relatan nos seus escritos como era mortal para os cabalos, anque menos eficaz para os rumiantes; ata chegaron a atribuírle a capacidade de matar á

xente que durmise a súa sombra. "Árbore da morte", se lle chama en algúns países; e aquí, quizais polo mesmo, adoitaba plantarse nos cemeterios e adros das igrexas. Hai quen opina que á súa redución contribuíu non só a explotación abusiva da súa madeira senon tamén a súa eliminación calculada por sabelo tóxico.

Pero hai uns anos descubriuse nel unha nova sustancia, o taxol, de sorprendente eficacia para frear procesos cancerixenos. A súa extracción provocou unha nova tala masiva no teixo americano, con resultados pouco alentadores. Outros traballos seguiron unha orientación diferente e hai uns 5 anos conseguíuse producir taxol a partir doutra sustancia que a árbore contén: a súa lenda negra da paso a unha nova perspectiva. A chamada "árbore da morte" agocha a posibilidade de alonxar a vida: contén armas para loitar contra un dos peores males que axexan á Humanidade.

En realidade, o teixo contén moitas sustancias activas, algunhas seguramente por descubrir, parte das cales xa se viñeron usando contra reumatismos, afeccións hepáticas, etc.

RECUPEREMOS O TEIXO

Vencellado desde tempos milenarios á nosa historia, á nosa cultura e ás nosas tradicións, aínda ventureiro nos montes do país, o teixo é hoxe unha especie vulnerable que para a súa conservación require o apoio decidido das xentes, un apoio que pasa por conservar os exemplares que aínda quedan e por plantar moitos máis. Para que a historia non nos pase factura por deixar desaparecer unha especie de noso que aínda agocha segredos imponderables.



COLABORA CON ADEGA: REGÁLALLE UN TEIXO Ó PAÍS

Para contribuír á recuperación do teixo, ADEGA, que o ano pasado conseguiu que se plantaran 800 novos acivros, engade agora ó teixo á campaña a prol das árbores de sempre. Dispón de planta moi pequena -e barata- e doutra máis medrada. Para contactar, dirixirse o teléfono 981 - 57 00 99.

VIVEIRO BERGANTIÑOS

Estrada Anide - Anzobre km, 2

Telfs. 64 08 79 - 60 02 15

ARMENTÓN

ARTEIXO

PLANTA FORESTAL AUTÓCTONA EN CAMPO E BANDEXA MULTIPOT

ANÁLISE DO PLANO DA XUNTA PARA A XESTION DE RTPs RESIDUOS TOXICOS E PERIGOSOS NA GALIZA

por Manuel Soto Castiñeira, profesor de Enxeñería Química na Universidade da Coruña, Presidente de ADEGA.

O Plano elaborado pola Consellería de Industria e Comercio para o período 1996-2000 intenta encadrar as últimas actuacións da Xunta no marco do novo Plano "Nacional" 1995-2000 sobre RTPs. Isto consegue-se só de forma parcial e moi forzada, pois no esencial a liña da Xunta segue unha xestión clásica, baseada nos "tratamentos de fin de tubería", mentres que o último plano estatal incorporou en certa medida o enfoque da prevención. Así, os obxectivos de redución en orixen do 40% establecidos a nivel estatal reducen-se na Galiza a tan só o 11%. Con todo, estes obxec-

governos central e autonómico e os recortes presupostarios non lle auguran muito futuro. O plano contén asimismo unha sección relativa á recuperación dos solos contaminados.

1. O CONTEXTO ESTATAL E A SITUACIÓN GALEGA ACTUAL.

O actual Plano estatal de RTPs (febreiro de 1995) opta en maior profundidade polas alternativas da prevención, tras constatar-se o fracaso do Plano anterior pola incapacidade do goberno de instalar as plantas de tratamento externo programadas, tais como plantas


finalmente descartada en decembro de 1993. Ao contrario, a planta de RTPs de As Somozas, proxecto estrela da Xunta, constitúe unha das poucas realizacións deste tipo de todo o estado.

O Plano Estatal establece os seguintes obxectivos para o ano 2000:

- REDUCION en orixen dun 40% como mínimo da xeneración de residuos, partindo da estimada en 1994,
- RECICLAXE E REUTILIZACION, incluíndo recuperación prévia, dun 20% como mínimo,
- TRATAMENTO final, "ambientalmente correcto", do restante 40%.

Mentres tanto, e desde comezos dos 90, os esforzos da Xunta de Galiza centraron-se en dotar ao país de tratamentos externos, de tipo centralizado, baseados na incineración e nos vertederos de seguridade. A Consellería de Industria e Comercio presenta como realizacións levadas a cabo até o momento as seguintes:

- Centro de Tratamento de Resíduos Industriais de Galicia (CTRIG) de As Somozas. Este centro conta con: a) unha planta de tratamento físico-químico, con liñas de ácidos, álcalis, residuos crómicos, sais metálicas, residuos cianurados, taladrinas e emulsións; b) un depósito de seguridade para RTPs, incluídos os lodos procedentes das mencionadas liñas de tratamento físico-químico.
- Instalacións de recuperación enerxética de aceites usados, forma na que o Plano se refere aos convénios establecidos coa empresa Protección MedioAmbiental S.L. (PMA) de Cerámicas Campos, que recolle os aceites usados e os queima nos fornos de cerámica que a empresa ten en Lendo (Laracha), e en Cambados. O convénio tamén abarca á recollida de pillas e baterías eléctricas.



Vista do vertedeiro de seguridade para RTPs de As Somozas, situado a 4 Km. da pranta de tratamento.

tivos son significativos en algunhas categorías de residuos, ao tempo que por vez primeira se formulan solucións para outros tipo de residuos: pillas, hospitalarios, neumáticos e chatarra de automóbiles, con propostas aceptábeis, se ben no caso dos neumáticos se decanta maiormente pola recuperación enerxética (incineración) altamente contaminante. O movemento ecoloxista ten ante si o reto de conseguir que se cumpran as previsións mais positivas do Plan, pois a falta de interese real dos

de tratamento físico-químico e vertederos de seguridade, por un lado, e plantas incineradoras, por outro. Este fracaso deveu-se fundamentalmente á oposición frontal que as poboacións directamente afectadas presentaron aos diversos proxectos, e ao crecemento da conciencia ambiental que leva a primar as vías preventivas ante a ineficiencia ambiental da xestión clásica. Tamén na Galiza a oposición da poboación impediu a instalación dumha incineradora de residuos tóxicos en Curtis-Teixeiro,

- Plantas de tratamento de produtos MARPOL, nome co que se coñecen especialmente os residuos procedentes das sentinas dos buques e os efluentes de lavado dos tanques de carga e combustíbel. Existe unha rede de xestores autorizados na Galiza, tanto mediante instalacións fixas como móveis ou flotantes (Ferrol, Mugardos, A Coruña, Sada, Ribeira, O Grove, Vilagarcía, Marín, Vigo e Pontevedra). O tratamento consiste fundamentalmente na súa adecuación e posterior aproveitamento enerxético da fracción combustíbel.

O documento recolle a situación actual, facendo un inventario dos residuos xenerados e unha descripción da xestión de que son obxecto, que se reflicta resumidamente nas seguintes cifras:

- Xeneración total de RTPs de orixen industrial en 1994: 556.623 tn. Nesta cantidade non se contabilizan algúns residuos que son obxecto do plan, como hospitaláricos infecciosos, vehículos, neumáticos, pillas, etc; nen outros asimilábeis á industriais, que son esquecidos.
- O 85% do total xenera-se nunha única factoría, Alúmina-Alumínio,

tratando-se dos chamados lodos vermellos. Actualmente esta fracción é vertida nun depósito controlado, aínda que o grao de "control" resulta deficiente, polo que se prevé construír outro depósito para os lodos vermellos dentro das actuacións do plano.

- O restante 15% xenera-se nun número elevado de factorías, tratando-se de 58 tipos diferentes, que co anterior dan un total de 59 tipos de residuos industriais perigosos catalogados na Galiza. Os diferentes tipos de residuos agrúpanse en 10 categorías diferentes (ver Tabela II). O Plano indica a seguinte situación actual desta fracción: un 30.5% reciben tratamentos de reutilización, recuperación e valorización; un 22.2% reciben tratamento de eliminación ou evacuación, incluíndo vertido controlado; e un 47.3% armacena-se temporalmente ou son vertidos incontroladamente.

2. OBXECTIVOS DE XESTIÓN DO PLANO DA XUNTA DE GALIZA (1996-2000).

O actual Plano de RTPs da Xunta contempla completar esta oferta de tratamento na Galiza incluíndo algúns aspectos das alternativas de preven-

ción e redución en orixen. Na Tabela I recolle-se un inventario de residuos tóxicos de orixen industrial, hospitalárico, doméstico e outros. Na Tabela II desglosan-se os residuos tipicamente industriais. En ambos casos inclúen-se os obxectivos de redución, reutilización e tratamento contemplados no Plano.

No caso dos lodos vermellos prevése unha reutilización do 25-30% (28% por término medio) para fabricación de bloques ou ladrillos acumuladores de calor. Para o resto dos RTPs a porcentaxe de minimización para o ano 2.000 sitúase no 35-40%. Este obxectivo conseguiríase a través dun 10-15% (11,06% de media) de redución en orixen, e dun 25-30% (27,19% de media) de reutilización e/ou reciclaxe.

A Tabela III resume estes obxectivos de xestión. Como podemos observar, os obxectivos de redución en orixen, que debería ser a alternativa prioritaria, fican reducidos a un 11% cando do cómputo global excluimos os lodos vermellos, e a tan só o 1.7% cando nos referimos ao total dos residuos tóxicos e perigosos de orixen industrial. Estas previsións de redución chocan fortemente co 40% establecido a nivel estatal.

TABELA I. RESÍDUOS INDUSTRIAIS E ASIMILÁVEIS A INDUSTRIAIS NA GALIZA. OBXECTIVOS DE XESTIÓN (%) DO PLANO DA XUNTA (1996-2000).

	Cantidade xerada Tn/ano	Potencial de Redución (%)	Potencial de Reutilización (%)	Tratamento Final (%)
1. Barros vermellos	471239	0	28	72
2. Outros RTPs da industria	85384	11,06	27,19	61,75
3. Residuos hospitaláricos:				
3.1. Residuos biosanitáricos especiais	2800	50	0	50
3.2. Residuos hospitaláricos tóxicos e perigosos	?	?	?	?
4. Residuos tóxicos e perigosos do fogar:				
4.1. Pilas usadas (excepto botón)	1233	?	?	67
4.2. Pilas botón usadas	8,28	?	?	?
4.3. Outros residuos tóxicos xerados no fogar	7000	?	?	?
5. Residuos especiais que conteñen residuos tóxicos e perigosos:				
5.1. Residuos tóxicos presentes en electrodomésticos, frigoríficos, televisores, fluorescentes, etc	?	?	?	?
5.2. Neumáticos usados	25000	10	20	70
5.3. Residuos perigosos presentes en vehículos	?	?	?	?
6. Outros residuos tóxicos e perigosos:				
6.1. Residuos tóxicos e perigosos en tintorerías e tendas de limpeza en seco	?	?	?	?

Notas: Os subgrupos 4.3, 5.1, 5.3 e outros (6.1) non se mencionan no plano da Xunta, existindo información oficial só para os restantes subgrupos, que son obxecto do plano. A cantidade indicada para o subgrupo 4.3 é o resultado de considerar que aproximadamente o 0.8% dos residuos sólidos urbanos (RSU) están constituídos por materiais tóxicos e perigosos. O Plano tampouco contempla o incremento na xeneración de RTPs que suporía a instalación dunha incineradora de lixo na Galiza.

Neste sentido, podería semellar lóxico ter en conta a especificidade dos lodos vermellos, pero non hai nengunha razón para plantear que o potencial de redución en orixen dos restantes RTPs é inferior ao do conxunto do estado, máxime cando non se realizou ningún estudo específico, e os criterios xerais permiten predicir un elevado potencial.

Cumpre mencionar aquí que os especialistas consideran que as dificultades á redución en orixen e á prevención son maiormente de tipo político e organizativo (60%), seguidas das de tipo financeiro (30%), pesando mui pouco as de tipo realmente técnico (10%). Pero mais choca aínda que dun 30.5% de reutilización e recuperación actual se pase a un 25-30% previsto para o ano 2.000. Porén, non choca tanto se temos en conta que a rentabilidade da planta de SOMOZAS require manter ou mesmo incrementar as cantidades de RTPs xerados ano tras ano.




FOTO: Manolo Soto

Os RTPs son só unha parte do problema ambiental das industrias. As emisións gaseosas e as augas residuais non se inclúen nesta categoría.

3. INFRAESTRUCTURAS DO PLANO.

Entre as infraestructuras do Plan, ademais das citadas anteriormente, propoñen-se as seguintes:

- *Centro de Investigación e Tecnoloxía, especialmente dirixido á minimización e ás tecnoloxías limpas.*
- *Infraestructuras para tratamentos de valorización ou reciclaxe dos residuos:*
 - * *Completar a rede de recollida e tratamento de residuos MARPOL.*
 - * *Planta para a reutilización de barros vermellos.*
 - * *Planta para a valorización enerxética do carbón de demolición de cubas da industria do aluminio.*
 - * *Planta de tratamento de pilas mediante estabilización química.*
 - * *Centro de reciclado de vehículos e baterías usadas.*
 - * *Planta de tratamento de neumáticos usados.*

**TABELA II. RESÍDUOS TÓXICOS E PERIGOSOS XENERADOS POLA INDÚSTRIA GALEGA (EXCLUIDOS OS LODOS VERMELLOS DE ALÚMINA-ALUMÍNIO).
OBXECTIVOS DE XESTIÓN (%) DO PLANO DA XUNTA (1996-2000).**

	Cantidade xerada Tn/ano	Potencial de Redución (%)	Potencial de Reutilización (%)	Tratamento Final (%)
C1: R. Preparación e tratamento superficies	2609	40	20	40
C2: Disolventes e residuos que conteñen disolventes	723	60	38	2
C3: Mesclas aceite-auga, emulsións	2743	11	86,5	2,5
C4: Aceites usados, produtos aceitosos	14876	20	77	3
C5: R. de pinturas, vernices, tintes e colas	840	43	0	57
C6: R. de fusión, cocción e incineración	37316	0	9	91
C7: R. de síntese orgánica	8816	17	30	53
C8: R. minerais líquidos e lodos de tratamento químico	1777	99	0	1
C9: R. minerais sólidos e lodos de tratamento químico (excepto lodos vermellos)	445	0	33	67
C10: R. de procesos de descontaminación	15239	7	16	77
TOTAL:	Tn/ano 85384	9440	23212	52732

**TABELA III. OBXECTIVOS DE XESTIÓN (%) DOS RESÍDUOS TÓXICOS E PERIGOSOS (RTPS)
DE ORIXEN INDUSTRIAL DO PLANO DA XUNTA (1996-2000)**

	Cantidade xerada Tn/ano	Potencial de Redución (%)	Potencial de Reutilización (%)	Tratamento Final (%)
1. Barros vermellos	471239	0	28	72
2. Outros RTPs da industria	85384	11,06	27,19	61,75
TOTAL	556623	1,7	27,9	70,4

VILALONGA, LARACHA, AS SOMOZAS...

As actuacións da Xunta en materia de xestión de residuos tóxicos e perigosos foron e seguen a ser motivo de polémica e denuncia ecoloxista. No 92 a Comisión Galega do Meio Ambiente autorizou a empresa Cerámicas Campos a queima de aceites usados nas súas fábricas de Vilalonga e de Laracha. Nun primeiro momento, os grupos ecoloxistas denunciaron a localización desta actividade que amiaza con afectar a enclaves de singular valor para as aves, como é o complexo intermareal de Úmia-Ogrove e o espazo de Baldaio. En teoría, os aceites somenten-se a un test cualitativo de PCBs (Bifenilos policlorados, substancias altamente tóxicas e canceríxenas), sendo rexeitados os que sobrepasen os 50 ppb. Os aceites aceptados deben desclasificar-se, centrifugando-se para eliminar parte da auga e dos sólidos en suspensión (virutas metálicas, etc), fracción que constitue un lodo que debe ser tratado como RTP, mentres que o resto, aceite desclasificado, queima-se directamente no forno. Na práctica, todo indica que este controle non se realiza. Tanto a empresa como a administración negaron en varias ocasións a información sobre o controle de emisións solicitada por viciños e ecoloxistas. Ademais dos fumes e outras molestias causadas por esta actividade, as denuncias dos viciños amplían-se a acumulación de neumáticos e vidóns de residuos tóxicos que desde hai tempo se ven observando no entorno destas fábricas.

Mais polémico aínda foi o proxecto estrela da Xunta, a planta ou cemitério de residuos tóxicos e perigosos de As Somozas. Sete concellos afectados, grupos ecoloxistas, grupos políticos, particulares e empresas que dependen dos recursos naturais da zona presentaron un total de 21 alegacións, ao considerar que o centro de tratamento estaba sobredimensionado e o emprazamento presentava un alto risco de contaminación de aquíferos e dos principais ríos da comarca.

Se se estableceran os obxectivos de redución en orixen e reciclaxe do 60% que contempla o plan estatal, entorno á metade da capacidade da planta de Somozas sería inecesaria. Por elo, cada vez toma máis consistencia a denuncia de que tratará residuos procedentes de fora de Galiza. A Consellería intenta xustificar a situación, citando entre as vantaxes deste centro a maior facilidade para a recuperación de componentes dos residuos. Porén, no centro non se ten previsto realizar recuperación de ningún tipo, posibilidade que non está no proxecto nen nas normas de operación actuais, e segundo afirman os técnicos responsábeis do mesmo, non existe nengunha instalación que teña a finalidade de recuperación de elementos dos residuos.

TABELA IV. INVERSIÓN CONTEMPLADAS POLO PLAN DE RESIDUOS TÓXICOS DA XUNTA (MILLONS DE PESETAS)

Programa	Inversións 96-97 M Ptas.	Inversións 98-2000 M Ptas.	Total 96-2000 M Ptas.
1. Redución en Orixen	1.700	4.600	6.300
2. Reutilización e Reciclaxe	1.840	4.350	6.190
3. Tratamento Externo	2.191	4.150	6.341
4. Estudos, estadísticas e bases de datos	144	256	400
5. Investigación e desenrolo	140	360	500
6. Comunicación	105	295	400
7. Formación	35	65	100
TOTAL	6.155	14.076	20.231

- *Infraestructuras para tratamento de eliminación ou evacuación final:*

* *Acondicionamento como Depósito de Seguridade de xestión privada do actual "vertedeiro controlado" de barros vermellos.*

* *Planta de tratamento de residuos hospitalarios infecciosos mediante esterilización en autoclave de vapor.*

Entre os tratamentos de valorización a Xunta ten especial preferencia pola combustión ou incineración, que pode chegar a abarcar aos neumáticos

usados, ademais dos aceites usados e residuos MARPOL. Porén, descarta a incineración de residuos tóxicos industriais, tais como disolventes clorados ou non, residuos de pesticidas e outros residuos químicos de tipo orgánico, por considerar que na Galiza se xenera unha cantidade moi baixa para ser rendíbel a instalación dunha incineradora.

4. PLAN DE INVERSIÓN.

A Tabela IV recolle o desglose das inversións previstas para o desenrolo do Plano. Cabe destacar o elevado montante de diñeiro destinado á comu-

nicación, especificamente á divulgación dun plano que aporta moi pouco e que plantea máis interrogantes que resolucións. Contrariamente, fronte aos 400 M ptas destinados á comunicacións e publicidade, só se prevén 500 M ptas para investigación e desenrolo (I+D) e 100 M ptas a formación, ambas cuestións estreitamente relacionadas coa alternativa de PREVENCIÓN en orixen. No mesmo sentido, aínda que na relación de infraestructuras cita-se un Centro de Investigación e Tecnoloxía, na programación temporal non aparece recollido o seu financiamento, nen tanpouco na relación de inversións.

5. VALORACIÓN FINAL

Como se indicou anteriormente, o Plano de xestión de residuos tóxicos da Xunta basea-se fundamentalmente nos tratamentos externos ou de fin de tubería. Obrigado polas liñas do actual plano estatal, recolle os principios de minimización, redución en orixen e reciclaxe para algúns tipos de residuos. Nalgunhas fraccións os obxectivos de minimización son significativos, sobretudo naqueles residuos máis problemáticos: os que conteñen metais pesados e compostos aromáticos clorados. Noutras son insuficientes, e globalmente pouco significativos.

Quizá un dos aspectos máis positivos é que por primeira vez se formulen solucións para outro tipo de residuos: pillas, hospitalários, neumáticos e chatarra de automóveis, con propostas aceptábeis, se ben no caso dos neumáticos se decanta maiormente pola recuperación enerxética, é dicir, pola incineración.

Globalmente, é un plan aproveitábel, podendo-se mellorar prestando máis fincapé a redución en orixen, e optando por sistemas de reciclaxe e reutilización para o caso dos aceites usados e dos neumáticos.



A fábrica de Alúmina-Aluminio xenera o 85 % dos residuos tóxicos totais do país.
A incorporación do aluminio en diversos envases mixtos agrava a xestión do lixo doméstico.

Pero quizá os seus aspectos máis positivos non se vexan realizados (falta de concreción do Plano, falta real de interese da Xunta e das empresas, e doutras institucións implicadas). Neste sentido, o traballo de ADEGA dirixirase a exixir a posta en marcha das propostas máis interesantes: plan de hospitalários, denunciando a situación actual

(incineración, vertido), aproveitamento dos residuos de vehículos, inclusión no plano dos residuos tóxicos e perigosos do fogar procedentes da recollida selectiva, e alternativas de redución en orixen. O dictame sobre o plano elaborado pola comisión do Consello Galego de Meio Ambiente, aínda que escueto, fai fincapé nestes aspectos.



CASTELAR DE GESTIÓN, S.L.

Avda. de Lugo, 6 - baixo
15702 Santiago de Compostela
Teléfono 59 50 77 / 61

XESTORA DE COOPERATIVAS DE VIVENDA



PROMOCIÓN EN:

Santiago
Padrón
Noia
Brión
Vigo
Vilalba

O URICIÑO




AQUELA NOITE CHOVERA!!!



A ESTRADA ESTABA FRESCA E BOTEI ME A ELA, A CATAR MIÑOCAS, DESAS QUE GUSTAN DE SE RAÑAR CONTRA DO ASFALTO HÚMIDO.



PERO CIRCULABAN TAMÉN COCHES, DESES QUE NON REPARAN EN ESMAGAR MIÑOCAS NIN DURIZOS.




¡PASOU XUSTO POR RIBA DE MÍN! NON ME TRIPOU NINGUNHA DAS CATRO RODAS. OS POUCOS OÍO QUE BAIXA ALGUÉN DESE COCHE. DIRÍXESE CARA A MÍN!!!



CÓME ME NAS SÚAS MANS. EU XA ME CONVIRTO NUNHA PELOTA, E DEIXAME NO CAMPO DICENDO

que che vaia ben, ouriciño



SITUACIÓN ACTUAL DO COÑECEMENTO E NÍVEL DE PROTECCIÓN DA FLORA RARA E AMEAZADA DA GALIZA

ESPECIES AMEAZADAS

por S. Ortiz, J. Rodríguez-Oubiña & I. Iglesias. do Dpto. de Botánica. Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago.

Debido á crecente degradación do medio natural, na maior parte dos Países estan-se a desenvolver nos últimos anos programas de conservación e a promulgar leis de protección da súa flora e fauna rara e ameazada. Os niveis de coñecemento e protección da flora rara e ameazada da Galiza son realmente moi baixos se os comparamos cos doutros Países do noso entorno, de xeito especial con algun deles como o Reino Unido. Semellan encontrarse, poren, nun plano mais acorde co da maior parte dos territorios da Península Ibérica aínda que, como despois veremos, a nosa posición non é privilexiada.

Apenas existen estudos monográficos sobre estes temas; quizais o único a ter en conta sexa unha recente "Revisión crítica del listado de flora endémica gallega" de Izco & Sanchez (1995) aínda que, como indica o seu título, só está centrado na flora endémica, ou sexa, aquela circunscrita aos límites do noso País ou que os sobarda por pouco; nese traballo da-se una lista de 44 especies e subespecies endémicas **segundo o criterio de subsector** expandido exposto nese mesmo traballo. Non existe polo momento un listado da flora rara e amenazada de Galiza, eido no que os autores deste artigo acaban de iniciar un proxecto de investigación.

Nun reconto preliminar podemos calcular que o número total sobarda as 600, sen contar as plantas introducidas, o que supón mais da cuarta parte da flora total. Porén hai unha grande cantidade de plantas que sendo raras na Galiza, como, por exemplo, *Rosmarinus officinalis* L. ou *Cistus laurifolius* L., son moi comúns en territorios mais ou menos próximos. Se obviamos todas estas plantas o número reduce-se á décima parte; entre elas, a maioría son endemismos,

aparte dalgunhas especies cun significado moi especial por estaren no seu límite de distribución xeral como poden ser, por exemplo, *Hymenophyllum wilsonii* Hooker ou *Quercus lusitanica* Brot. ou outras de habitats especialmente ameazados como as dunas e brañas. Son estas plantas as que con maior axilidade corresponde protexer xa que se éstas desaparecen no noso territorio, desaparece una parte fundamental das súas

monocotiledónea acuática relativamente común en Europa mais na Península Ibérica coñecida soamente nos Pirineos e na Lagoa de Cospeito de onde parece ter desaparecido.

Na actualidade esta-se principiando un proxecto financiado pola Xunta coa fin de levar a efecto un estudo preliminar demográfico, bioxeográfico, de riscos, etc. da flora endémica estricta da Galiza,

<i>Armeria merinoi</i>		Nieto Feliner & Silva Pando
<i>Centaurea borjajae</i>		Valdés-Bermejo & Rivas Goday
<i>Centaurea corcubionensis</i>		Laínz
<i>Centaurea janerii</i> Graells	subsp. <i>gallaecica</i>	Laínz
<i>Centaurea ultreiaiae</i>		Silva Pando
<i>Crepis novoana</i>		S. Ortiz, Soñora & Rodr. Oubiña
<i>Cytisus ingramii</i>		Blakelock
<i>Festuca brigantina</i> (Markgr.-Dannenb.) Markgr.-Dannenb.	subsp. <i>acteophyta</i>	Gutiérrez Villarías
<i>Festuca granitica</i>		Kerguelen & Morla,
<i>Leucanthemum corunnense</i>		Lago
<i>Leucanthemum gallaecicum</i>		Rodr. Oubiña & S. Ortiz
<i>Linaria polygalifolia</i> Hoffmanns. & Link	subsp. <i>aguillonensis</i>	Castroviejo & Lago
<i>Omphalodes littoralis</i> Lehm	subsp. <i>gallaecica</i>	Laínz
<i>Rumex scutatus</i> L.	subsp. <i>gallaecicus</i>	Lago
<i>Sagina merinoi</i>		Pau ex Merino
<i>Santolina rosmarinifolia</i> L.	subsp. <i>melidensis</i>	Rodr. Oubiña & S. Ortiz
<i>Sesamoides suffruticosa</i> (Lange) Kuntze	subsp. <i>latifolia</i> (Merino)	S. Ortiz & Rodr. Oubiña
<i>Silene scabriflora</i> Brot.	subsp. <i>gallaecica</i>	Talavera
<i>Thlaspi oligospermum</i> (Merino)		Merino, Greuter & Burdet

poboacions ou todas nos casos de endemismos galegos estrictos.

Con respecto a isto último hai que suliñar que, aínda que non endémicas, coñecen-se xa ao menos dúas especies con case total seguridade extinguidas na Galiza, as dúas de grande significado


por estaren as nosas poboacións moi alonxadas do que é a área de distribución normal da especie, éstas son *Christella dentata* (Forsskal) Brownsey un fento tropical e subtropical coñecido en Europa unicamente na Sierra de Algeciras, en

Cadiz, e da área de río Caldo, no Xurés, de onde xa desapareceu; a outra é *Luronium natans* (L.) Rafin, unha

ou sexa, as especies e subespecies cuxa área de distribución total non sobarda os límites do noso País, e da que acompañamos unha relación no recadro -non se incluen neste listado as especies de reprodución apomítica, ou sexa, asexual ou pseudosexual, por seren moi inestables e moi complexa a determinación das distintas especies e subespecies

No mesmo proxecto inclúese un seguimento mais detallado do comportamento demográfico e da variabilidade xenética de 4 das especies mais ameazadas de Galiza: *Centaurea borjajae* Valdés-Bermejo & Rivas Goday, *Centaurea ultreiaiae* Silva Pando, *Crepis novoana* S. Ortiz, Soñora & Rodr. Oubiña e *Leucanthemum gallaecicum* Rodr. Oubiña & S. Ortiz. aínda que polo momento é moi probable que este estudo só se poida desenvolver coas dúas primeiras especies.

SÓ ESTÁN PROTEXIDAS DIRECTAMENTE DUAS ESPÉCIES, PERO SEN NEN-GÚN EFECTO PRÁCTICO NIN SIQUERA Á HORA DA REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE IMPACTO AMBIENTAL



Centaurea ultreiae, unha planta cuxa área de distribución se circunscribe con exclusividade aos gabros do Monte Castelo nos límites entre os municipios de Santa Comba, Coristanco e Tordoia, na Provincia da Coruña.

Para garantir a súa sobrevivencia e posible a reintroducción no caso de extinción dalgunha delas ou parte das

A REINTRODUCCIÓN, O CULTIVO EN VITRO OU A CRIACIÓN DE BANCOS DE XERMOPLASMA SON ALGUNHAS DAS MEDIDAS A CONSIDERAR PARA GARANTIR A SUA SOBREVIVENCIA INMEDIATA. PERO ADEMÁS É NECESARIA A PROTECCIÓN LEGAL E DE FEITO DESTAS ESPECIES E DOS SEUS HABITATS.

súas poboacións. Está-se a realizar tamén cultivo in vitro de varias plantas raras e ameazadas, en concreto de *Armeria humilis* (Link) Schultes, *Centaurea borjajae* Valdés-Bermejo & Rivas Goday, *Centaurea janerii* Graells subsp. *gallaecica* Laínz, *Centaurea ultreiae* Silva Pando, *Crepis novoana* S. Ortiz, Soñora & Rodr. Oubiña, *Hyacinthoides paivae* S. Ortiz & Rodr. Oubiña, *Leucanthemum gallaecicum* Rodr. Oubiña & S. Ortiz, *Santolina rosmarinifolia* subsp. *melidensis* Rodr. Oubiña & S. Ortiz, *Silene acutifolia* Link ex Rohrb. e *Iris boissieri* Henriq., en todos os casos con éxito non sendo con esta última planta que semella presentar maiores dificultades das previstas; con varias delas

esta-se a principiar a encapsulación de meristemas saneados para preservar como xermoplasma en nitróxeno líquido. En relación con isto esta-se a por en marcha tamén un banco de xermoplasma no que se pretenden preservar a baixas temperaturas coleccións de sementes de diferentes plantas da xeografía galega, prestando unha especial atención ás raras e ameazadas.

En canto ao actual nivel de protección da flora rara e amenazada na Galiza hai que salientar que unicamente están protexidas directamente *Omphalodes littoralis* Lehm subsp. *gallaecica* Laínz e *Centaurea borjajae* Valdés-Bermejo & Rivas Goday, en concreto polo Real Decreto 439/1990 (BOE 83, 5 de Abril), e isto, amais, non parece ter ningún efecto práctico nin siquiera para que sexan tidas en conta nos informes de impacto ambiental sobre actuacións que afectan ás áreas onde viven como ten ocorrido recentemente coa instalación de xeneradores eólicos na área na que vive *Centaurea borjajae*.

Non existe, por outra parte, nengunha lexislación surxida da Xunta de Galiza que protexa direc-

tamente algunha outra planta coa excepción do acibro. Neste sentido pode-se dicir que o atraso é importante en relación con outros moitos territorios do Estado; en moitas Comunidades Autónomas xa se teñen promulgado leis de protección da correspondente flora rara e ameazada e nalgúns como a Comunidade Valenciana criou-se unha rede de microreservas para garantir a súa protección.

De xeito indirecto unicamente algunhas plantas como *Armeria pubigera* (Desf.) Boiss. (Illas Cies), *Hyacinthoides paivae* S. Ortiz & Rodr. Oubiña (Monte Aloia), *Iris boissieri* Henriq. (Baixa Limia - Serra do Xurés) ou *Silene scabriflora* Brot. subsp. *gallaecica* Talavera (Corrubedo) estan, en parte, protexidas ao existiren poboacións das mesmas dentro dalgún Parque Natural, mais isto ocorre en moi poucos casos pois é moi escasa a superficie natural protexida na actualidade na Galiza, territorio que, tristemente, ocupa un dos últimos lugares, se non o último, entre as Comunidades Autónomas do Estado en canto a porcentaxe de superficie dedicada a protección medioambiental.

Cultivo in vitro de *Santolina rosmarinifolia* subsp. *melidensis*.



XAVIER SEOANE:

O CANTO GOZOSO DA TERRA (I)

Por Emílio Xosé Insua



Xavier Seoane Rivas (Coruña, 1954), profesor, licenciado en Filoloxía, colaborador habitual ou esporádico de revistas como DORNA, AGÁLIA, GRIAL, NORDÉS ou LUZES DE GALICIA (da que ten sido coordinador) e de xornais como A NOSA TERRA, EL IDEAL GALLEGO ou LA VOZ DE GALICIA, é, sen lugar a dúbidas, unha das figuras máis relevantes do panorama poético galego contemporáneo.

Seoane pode encadrar-se nun grupo de autores/as de incuestionábel valia e traxectoria ben consolidada que irromperon nese panorama na década dos 80: X.M. Alvarez Cáccamo, R.Raña Lama, Manuel Forcadela, Ramiro Fonte, M.A. Fernán-Vello, Pilar Pallarés, Lois Pereiro, Manuel Rivas, Xúlio L. Valcárcel, etc. En conxunto, o seu labor chegou a provocar que algunhas voces máis ou menos especializadas falasen dunha "idade de ouro" da nosa poesía. Certa dose de esaxero que poida haber nesta etiqueta non oculta, sen embargo, unha enorme verdade. A continuidade do traballo como escritores en verso da maioría destes autores corroborou, sen lugar a dúbidas, que a poesía galega atinxiu da súa man uns niveis de pluralidade, renovación, orixinalidade e dominio técnico-lingüístico importantes, sen os cais sería imposible comprender, ademais, esa nova floración de poetas á que aludimos no número anterior de CERNA, a propósito da obra de Rafa Villar.

O propio Xavier Seoane ten falado das características xerais do seu grupo xeracional, o dos 80, sinalando algunhas virtudes a respecto da situación estética anterior, dominada polos epígonos do chamado social-realismo: a construción dunha linguaxe poética nova e enriquecida; a ampliación temática, formal e expresiva; o retorno á experimentación; o mergullamento na modernidade e a releitura da tradición; o intento de erguer cosmos individuais de cada poeta, co amor e a sensualidade como eixos temáticos, etc. Como "defectos" da poesía

escrita nesa década dos 80 non deixou de sinalar, asimesmo, certos excesos verbais e conceptuais e unha dose talvez excesiva do que el mesmo denomina autocomplacencia e superficialidade en moitas das creacións.

A traxectoria editorial do noso autor comezou en 1978 co libro **Poesía experimental**, escrito en colaboración con Raúl Reguera. En 1979 apareceu, en edición do propio autor, **A caluga no paxaro**. En 1981, **Os bosques incendiados** (Ed. do Castro, serie "Liminar"), aínda que este poemario fora escrito, en realidade, en 1977. De 1981 é tamén un cartafol poético, con vintedous textos, escrito en colaboración con Manuel Rivas, titulado **Anisia e outras sombras**. En 1984, Seoane tira do prelo o libro de aforismos **Arca cotidiana/Irispaxaros**. En 1987 edita **O canto da terra** (Ed. Sotelo Blanco, colección "Leliadoura"), obra que constitúe, ao noso humilde entender, un fito importantísimo na súa traxectoria particular e na da poesía galega desa década en xeral. De 1990 é **Regreso e advenimento** (Ed. do Castro) e de 1994 **Eu tamén oín as voces do orvallo** (Bahía Edicións, Coruña); libros estes que confirman o intre de plenitude de Seoane. Un ano despois, o noso poeta

atinxe o prestixioso Premio Esquio de Poesía pola súa obra **Umbral de vida**.

Xavier Seoane ten subliñado a influencia na súa obra de autores como Luís Cernuda ou Thomas S. Elliot. Segundo confesou nalgunha entrevista, antes da aparición do seu primeiro libro poético en galego tiña escrito varios libros, aínda hoxe inéditos, en español, como o titulado **Crisálida**. Preparou durante longo tempo **A rocha imantada**, libro de aforismos do que apareceu algun adianto na revista LUZES DE GALIZA (Nº 7, verao de 1987: "*A arte planta a raíz no ar para que o imposible arraigue*"). Na mesma revista ten publicado poemas, escrito recensións de libros de autores como Lois Pereiro ou Cesáreo Sánchez Iglesias, feito artigos de viaxe

(Centroeuropa, Mediterráneo, México, New York...), dado a coñecer versións ao galego de poetas estranxeiros, etc. Noutros traballos na mesma revista incluiu evocacións de figuras como Reimundo Patiño ou Ezra Pound, reflexións sobre cuestións de arte e estética, comentários á obra artística de Manuel Paz, Leopoldo Nóvoa, Paco Pestana, Antón Patiño, etc. Non acaba aquí o contributo á cultura galega do noso tempo de Xavier Seoane, pois editou, en colaboración con Lino Braxe, diversos materiais do escritor e pintor Luís Seoane (guións radiofónicos, textos, etc.). Ademais formou parte dos grupos artísticos "A Carón" e "Galga", editou a carpeta **As quatro estacións** con gravados de Manuel Facal e, recentemente, deu ao prelo un ensaio sobre a arte galega máis actual co título de **Identidade e convulsión**. Cómpre tamén mencionar a súa participación, xunto cos poetas máis destacados do seu grupo xeracional, nos dous volumes poéticos colectivos **De amor e desamor** (1984 e 1985, respectivamente).

Entrando no que son características da poesía de Xavier Seoane, Luciano Rodríguez, na súa antoloxía **Desde a palabra, doce voces. Nova poesía gale-**

ga (Ed. Sotelo Blanco, 1986), sinala que “a natureza, o amor, a infancia, os amigos, a terra, a celebración do ser e estar, a luz, a carraxe... son algunhas presencias-recorrecias-temáticas do seu canto. Cunha falsa aparente sinxeleza compositiva consegue desgrañar a sua madura sabiduría poética”. Carlos L. Bernárdez (**Cincuenta anos de poesía galega. tomo 2.** Ed. Penta, Coruña, 1994), pola sua banda, anota que Xavier Seoane “atinxe os seus mellores logros

OS BOSQUES ENCENDIDOS

Xavier Seoane



Edicións do Castro
SERIE LIMINAR *poesía*

na fusión do sentimento amoroso en comunión coa terra, cando o eu lírico (...) exalta a muller omnipresente, deificada e telúrica”. O mesmo crítico literario pon en destaque que Seoane “crea unha simboloxía persoal, na que a muller amada é sempre a enerxía orixinal, cósmica, que convoca as diferentes forzas vitais, sol, luz, aves, ríos...”. Pola sua vez, Xúlio L. Valcárcel (LUZES DE GALICIA, Nº 10/11, 1988), logo de sinalar que Xavier Seoane fai “un canto exultante de plenitude, de celebración, inusual na poesía galega, tan carregada de sombras”, enumera o panteísmo, a búsqueda da esencialidade, o rigor e austeridade dos versos, a capacidade de suxerir e o lirismo como principais achádegos da poesía do noso escritor.

No volume **Comentário de textos literarios** (Ed. Alhena, Madrid, 1986), o propio Xavier Seoane, autoanalizando dous poemas seus, postula que “o autor debe pôr no seu intento o máximo de lucidez, a ser posíbel, en diálogo co máximo de paixón”. No mesmo traballo fai tamén unha decidida aposta pola liberdade creativa, o versolibrismo, a naturalidade e a depuración formal: “o

poeta procura antes que nada o ritmo ou musicalidade da frase e do discurso natural. Quizais o motivo estexa fundamentalmente na procura dunha maior naturalidade de dicción, nun desexo de sinxeleza e coloquialidade e nunha rotura de corsés formais, para alcanzar unha maior liberdade compositiva”. A poesía de Seoane tende, con efecto, á sobriedade e á concisión, sen renunciar á procura de novos vieiros, á experimentación, xa que, en palabras suas “o máis importante da literatura é vivi-la desde dentro, abordando-a con todas as suas consecuen- cias: creación, bucio, introspección, e un certo grau de tolémia, desvario e transgresión sen o que a poesía non leveda”.

No libro **O canto da terra** lemos esta preciosa poética, na que se compéndian os dous elementos básicos cos que Seoane constrúe o seu particular universo literario, quer dicer, a humildade e sinxeleza como plantexamento e o afán de trascendencia, desde a alegría, como actitude:

“son
un home en pé na chaira
unha ave no lago da distancia
sofro de plenitude inalcanzável
desangro-me de soño devorado
de fruto presentido en rumor alto
tal rio
de ferida mui branca
vago no espazo raudo
ocupo humildemente o meu lugar”

Froito destas duas características que acabamos de citar son uns poemas de temática sempre emocionada, onde até a reflexión sobre o terríbel momento da morte se torna serea ante a forza do amor, un amor que comulga coa natureza e que transcende a propia ausencia física, como declaran estes versos do libro **Iniciación e regreso**:

“Cando a miña alma se erga e voe sobre o mar
hei voltar para contar-che a fortuna do retorno
dos paxaros
e a choiva de primavera sobre os corpos (...)
sé xenerosa
e cando a miña alma se erga e voe alén do mar
ergue-te e canta
sobre a terra que amamos”

Tamén en **Regreso e advenimento** hai reflexións desta índole sobre o morrer, colocando máis unha vez a forza do amor como instancia superadora:


“Antes que húmida terra se adentre no teu rosto
e o silencio comova a tua voz,
antes que o espazo entre no teu corpo
desvele a ausencia orvallo nos teus ollos
e a sonámbula terra que dorme te corroa,
leva-me a esa fronteira que non limita a morte (...)
haxa para os meus ollos un tinte de verdor
antes que a húmida terra se adentre no meu rosto
e o adeus definitivo me faga errante sombra”

Seoane, como ben sinala Fidel Vidal no prólogo a **Eu tamén oín as voces do orvallo**, “escribe desde o amor e desde a alegría. Esa alegría promovida non polas gañas de vivir, senón polo vivir”. En **Regreso a advenimento** afirma-se a identificación plena da persoa amada coa natureza como forzas telúricas, criadoras, posuidoras do don miragroso da vida:

“ti arrastras as dons da terra ao camiñar
flores e frutos seguen-te a brazadas
as árbores coñecen o dia dos teus brazos
perfumado de ti vai o rocío amando (...)
o arrecendo do fruto
o resplandor da rama
parecen bañar-te (...)”

Na antoloxía **Poesía gallega de hoy**, da editorial-colección Visor (Madrid, 1990), aparece un poema até entón inédito no que Seoane dá renda solta a unha sensualidade nacida da mesma natureza, a un erotismo primixénio e puro que domina boa parte da sua produción poética:

“(...) es tan fermosamente xoven
es tan naturalmente bela
que a natureza incita o meu desexo
sen límite nen esmorecemento
a tua beleza é un rio misterioso
que entra extenuado no meu ser
a tua alegría un sulco
de punzante exaspero
que me toca e me fere (...)”



A experiencia dese amor empapado na natureza á demandada con avidez por Seoane en múltiples versos, como estes nos que flota aquela metáfora erótica dos cervos tan querida polos nosos trobadores medievais, fundamentalmente por Pero Meogo:

“Leva-me aos outeiros onde os veados pastan
onde as corzas descansan nas umbrias das águas
fala-me da tua gorxa que se transforma en ave
di-me o teu nome que imita as raxadas
induz-me a ser maravilloso
a gozar dunha vida terrestre que renaza
canta silenciosa o día que emana
a frescura e humidade das tuas mans
fuga-te silenciosa cara os campos
leva-me onde a morte devala”

Con igual dose de erotismo limpo, o poeta solicita:

“despe-te
corre pola gran chouza de carvallos
onde as ramas endurecen e sorrin ós animais
a pomba adormece nas tuas mans
cando es amada
a fontana atravesa o teu silencio
enlevando-te (...)”

Por todo isto, o surximento do amor nas persoas é visto como o miragre dunha natureza que estoupa en vida e nos fai estremecer de emoción:

“Son os primeiros síntomas de amor
no teu corpo que irradia flores
é a creación
son as árbores
as ervas leves no rosto
é algo que trae e leva
o silencio emociona os homes
esmorece e morre
son as primeiras choivas
sobre a terra sedenta
son as primeiras sílabas
na gorxa
é o firmamento
son os frutos
é a tona da terra na tua voz”

A plasmación carnal dos sentimentos amorosos desperta no poeta unha vivencia de aglaio e plenitude chea de misterio, pois “os frutos máis incógnitos / nacen na tua entraña / os paxaros mais ingraves e os mais doces animais”. Cando os amantes obran o milagre da unión, “as árbores penetran no seu silencio / as raíces do universo

beben neles”. Pola presenza da persoa amada na vida do poeta acontecen as marabillas da natureza, “o rebento da uva” e “o abraio da garza”. Ela é quen ten “o que anseia o río para andar”, “o que embebe a águia ardente para no alto abrasar-se”. Gracias ao amor o poeta anchea a súa sensibilidade:

“ouvín medrar a árbore alzando a húmida seiva
sentín nacer da fonte o fluído elemento
a tona fecundada receber as sementes”

e contempla prodixios como estes:

“erguias ao azul os brazos mainos
os paxaros dormían despidos nas tuas mans
falavas e as árbores puñan-se en pé e andavan
sonámbulos dicián-te os delfíns
soñaban-te lanzais os poldros bravos
pasavas polo sol, e o sol amavas
as montañas calavan ao teu paso”

Alén da propia morte os amantes con-fabulan-se para seguir alimentando o sentimento que os uniu en vida, aínda que sexa a través doutros corpos:

“Cando as aves non voen,
cando o pouso da xeada nas árbores de outono
estremeza o silencio misterioso da fonte,
cando apodreza o cavalo de madeira na gaiola dos
soños
e a arxila acolla suave os nosos corpos na tona,
desexa-me,
recorda-me,
de xeito
que o imposible consolo non deserte dos meus ollos
e outros amantes
tal ronsel amoroso dun algo que fomos
procuren sonolentos os seus corpos nas sombras
para perpetuar a terra alén de nós”

Noutra orde de cousas, no poemario **Presencia**, nun texto adicado ao escritor John Steinbeck (autor, entre outras cousas, da novela **A perla**), Seoane acode ao mito dun Edén lonxano a fai-no apelando á presenza da figura do pai en plena comunión cos elementos da natureza e situando-o, á maneira de Rilke ou Celso Emílio Ferreiro, na infancia perdida:

“(…) din que alá, cara o Oeste, está o Edén...
eu non sei o que é iso,
mais tal vez nada diferente
á luzada azul de Monterrei
cando o meu pai falaba coas árbores da eira,
hai tempo...”


Unha perspectiva semellante xa se fixera presente en **A Caluga no paxaro**, en versos como os que a seguir reproducimos:

“lembrar o cheiro dos pexegos na casa da nenez
cando
o vran sobre pasa o silencio escuramente e a luzada
soniqueira esmigalla a súa herba sobre a pel (...)
que a follaxe verdosa enxendre folla seca
e invoque o corazón
da fumaxeira as sombrizas mans do abó sementando
sen fin o escuro inverno”

para reaparecer en **Eu tamén oín as voces do orvallo**, en fragmentos como este nos que fica claro o contacto desde a nenez cunha natureza próxima e amante:

“(…) En min ficou o pouso
de ir ás arrasadas
a por frutos e flores,
rubir á árbore, perder-me no bosque,
sentir da fumarada a fuxida veloz.
Nas mans levo segredos de insectos misteriosos,
tacto de follas
melodiosas mañás de erva vizosa.
Deitado entre o rocío
teño perdido o nome”.

(continuará) 



A CARBALLEIRA DE SAN XUSTO, SITUADA NA PARROQUIA DE SAN XURXO DE SACOS (CONCELLO DE COTOBADE E PROVINCIA DE PONTEVEDRA) É, COS SEUS MAIS DE CEN CARBALLOS CENTENÁRIOS, UNHA DAS MAIS REPRESENTATIVAS DE GALIZA. OBXETO DE ANTIGAS CANTIGAS POPULARES E DE TRADICIONAIS ROMARIAS, FOI DURANTE OS ÚLTIMOS SETE ANOS MOTIVO DUNHA ACEDA CONTROVÉRSIA ENTRE OS VICIÑOS QUE DEFENDIAN O CARÁCTER COMUNAL QUE A CARBALLEIRA E A SÚA REDONDA TIVERON SEMPRE E O PÁRROCO, QUE TIVO A OUSADIA DE INSCREBÉ-LA NO REXISTRO COMO SE FOSE PROPIEDAD PRIVADA DA IGREXA CATÓLICA. FINALMENTE, E LOGO DUNHA LONGA LOITA, A CARBALLEIRA VOLVE AOS VICIÑOS. ÚN DELES CONTA-NOS TODO O PROCESO NAS LIÑAS QUE SEGUEN.

A CARBALLEIRA DO SAN XUSTO SEMPRE DO POBO

por Manuel Reboredo Tajés

O conflito plantexado pola titularidade da Carballeira do San Xusto e do Monte de Lixó, ubicados ámbolos dous na parroquia de San Xurxo de Sacos, escomenzou cando o 6 de xuño do 1.990 a Igrexa Católica, sendo párroco José Lorenzo, procedeu á inscrición no Rexistro da Propiedade de Pontecaldelas dos terreos comunais citados.

A Carballeira do San Xusto aparece inscrito cunha extensión de 2 hectáreas, 11 áreas e 60 centiáreas (21.160 metros cadrados), nos cales inclúe ademais da Carballeira con cen carballos centenarios, a capela adicada ós santos Xusto e Pastor, unha fonte e un cruceiro, e o Monte de Lixó, ubicado no lugar de Fentáns, con 2 hectáreas, 57 áreas e 2 centiáreas (25.702 metros cadrados), no que está a capela da Nosa Señora dos Remedios e unha fonte ó seu carón.

A Igrexa Católica aproveitándose do artigo 206 da Lei Hipotecaria de 1.946 (franquista), e ao abeiro duns privilexios anticonstitucionais, xa que se contradí con dous artigos da Constitución Española, en concreto co 14 (igualdade de todos diante da lei) e co 16.3 (no que alude a que España é un Estado aconfesional), inscribiu ao seu nome case cinco hectáreas de monte veciñal en man común, pertencentes dende tempo inmemorial, de dereito consuetudinario xermánico, ás comunidades de San Xurxo de Sacos e Fentáns.

Na inmatriculación no Rexistro da Propiedade de Pontecaldelas, o Arcebispado de Santiago, aludía á súa "adquisición" por prescripción inmemo-

rial, carecendo de título escrito algún; somentes aportaron unha certificación do Canciller Secretario do 26 de abril de 1.990, que foi declarada nula e sen vigor algún nas tres sentencias dictadas en instancias xudiciais a prol dos veciños.

Pouco despois de producirse estes feitos, algunhas persoas de San Xurxo de Sacos enteráronse de tal situación e o 26 de agosto de 1.990 celebrouse a primeira assemblea veciñal, na Casa do Pobo, onde se decidiu que había que adoitar medidas para a recuperación da titularidade pública dos terreos en cuestión. Desde os primeiros intres quíxose solventar o tema pola vía do diálogo e da negociación para evitar a vía xudicial por ser moi custosa. A iniciativa no tema levouna a Asociación de Veciños "A Cidade" de San Xurxo de Sacos- Comisión Xestora pola Defensa da Carballeira do San Xusto e do Monte de Lixó.

O 9 de setembro de 1.990, foi un día histórico, tendo lugar unha primeira

cocentración ante a visita do vicario pola mañá, e unha assemblea na mesma Carballeira de San Xusto con máis de 600 persoas, pola tarde.

Empezaron as mobilizacións de todo tipo: boicot á celebración da misa dominical mentres non cesaran ao cura; acodiuse a misa a outras parroquias para deixar claro que a loita non era contra a relixión en si, senón contra uns feitos claramente ofensivos contra a nosa parroquia; concentracións semanais na Rampla da Igrexa e logo manifestacións fronte á casa do cura (que vive nunha parroquia limítrofe); íase ao xulgado cando había algún tipo de declaración (testemuñas, curas,...),etc.

Por parte dos/das veciños/-as sempre se tentou unha solución dialogada, incluso cinco representantes veciñais entrevistáronse no Pazo Arcebispal (Pazo de Xelmírez) co propio arcebispo daquela que era monseñor Rouco Varela. Malia ás boas palabras, non se produciron os feitos que neste caso era a retirada por parte da Igrexa Católica da inmatriculación no Rexistro da Propiedade de Pontecaldelas polo que finalmente houbo que recurrir á vía xudicial, na que o avogado que defendeu os intereses veciñais foi D. Ricardo Guix Aguado.

Organizaronse actos festivo-reivindicativos entre os que destacan os Magostos, San Xoán, Reis, Maios, Antroido, etc, e nos que colaboraron, ademais dos veciños, moitas persoas de distintos ámbitos: cultura, política, dereito, música, ...



A nivel institucional contactouse co Valedor do Pobo e co Defensor del Pueblo. O tema do litixio provocou indubidablemente alarma social e incluso chegou por tres veces ao Parlamento Galego, a fins do 1.990, onde o PP votou en contra das demandas dos veciños.




Unha vez que se recurriu á vía xudicial hai que dicir que as tres sentencias dictadas foron a prol dos intereses veciñais (1991, 1992, 1996), tendo que anularse no rexistro a inscrición feita pola Igrexa Católica e condenándoa a abonar as custas procesais. Incluso a última sentenza, do Tribunal Supremo, segundo di no fallo insertárase na Colección Lexislativa.

Algo moi importante neste longo proceso, que durou seis anos e medio, foi a repercusión que se lle deu ao tema do conflito nos distintos medios de comunicación, non só local, senón tamén a nivel galego e incluso se coñeceu no resto do Estado e no extranxeiro. Algúns exemplos poden ser que se contactou con todos os centros galegos do mundo, saíu o tema no programa "Informe Semanal" de TVE, en "Interviu", etc.

Ademáis xa os antecedentes históricos están dun xeito claro e evidente a prol dos veciños, xa que tanto no Catastro do Marqués da Ensenada do 1.752 como nun documento de 1.861 no que di, entre outras cousas, que "sempre pertenceron ao común dos veciños para o seu aproveitamento". Tamén cabe apuntar que ámbolos dous terreos na resolución do Xurado Provincial de Montes de Pontevedra, do 1 de febreiro de 1.979, aparecen incluídos nos montes comunais, que naquel ano pasaron de municipais a veciñais. Por outra banda, a Lei de Montes Veciñais en Man Común aprobada polo Parlamento Galego o 10 de outubro de 1.989 di no seu artigo 3º que os montes comunais son inalienables, imprescriptibles, indivisibles e inembargables.

A zona ten moito interese para o pobo, xa que non era unha cuestión só polo valor económico que poidese ter a Carballeira do San Xusto, senón polo seu valor simbólico, emblemático e sentimental; foi unha loita por unha cuestión de dignidade onde "o pequeno" derrotou ao "grande". Un exemplo que temos posto do importante que é para nós é o comparar que se a San Xurxo de Sacos lle sacan a Carballeira do San Xusto é como se Santiago de Compostela se quedase sen a Catedral ou Barcelona sen a Sagrada Familia. Non a valoramos en cartos, senón co sentimento, co corazón, que é o que máis vale nunha cousa deste tipo.



O ANAGRAMA É UN CURA CON SOTANA FUXINDO CUN CARBALLO Ó LOMBO, DESEÑADO POLO NOSO AMIGO XOSÉ LOIS "O CARRABOUXO". AO FACERSE PÚBLICA A SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO FOI SUSTITUIDO POR OUTRO NO QUE APARECE UN CARBALLO PLANTADO E UN CURA FUXINDO A FUME DE CAROZO SEN EL.

Perto da Carballeira, xunto ao río Lérez hai un manantial de augas sulfuro-fluoradas moi concorridas durante o verán, os restos dunha antiga central eléctrica (do ano 1.902), muíños antigos e unhas vistas panorámicas moi fermosas. Ademais no

entorno cercano pódense visitar algúns dos exemplos máis importantes de Galiza no que se refire á arte rupestre (Pedra do Lombo da Costa, Laxe do Cuco, Pedra das Ferraduras, Outeiro da Mó, Eira dos Mouros no Castro da Cidade, etc.), monumentos civís e relixiosos...Un exemplo disto último pode ser a propia capela dos santos Xusto e Pastor, da que a parte da súa cabeceira é gótica, do s.XIV, e a nave e o cabildo do s.XVIII.

É de xustiza citar algunhas frases escritas por amigos nosos para os pregóns ou coplas dos Magostos celebrados:

Como dicía o noso amigo, tristemente finado, Antón Avilés de Taramancos ao comenzo do seu pregón: "Desde que o mundo é mundo, desde que o primeiro home galego puxo o pé neste recinto sagro, a Carballeira foi un ámbito de liberdade, de convivencia, de ben común". Tamén Manuel María apuntou "a Carballeira do San Xusto é un templo aberto debaixo do ceo". Xosé Fraga Iglesias, intelectual e poeta local salientou "E lembramos tamén con moito cariño a todos aqueles que hoxe se sentirían tan ledos aquí entre nós, loitando solidariamente tamén por defender a Carballeira súa...". Por último, referímonos a unha copla de Xosé Lois "O Carrabouxo": "Carballeira Santi Xusti sempre foi dos veciñórum e seguirá sendo deles per sécula seculórum", ou ao que dixo Suso Vaamonde na súa canción: "o único dono ten que se-lo pobo, o único dono ha de se-lo pobo".

Animo a todo o mundo que queira disfrutar desta paraxe, que non deixe de visitarnos. Que a disfrutemos por moitos anos, con saúde.



AVANZA O ENCORO DE SELA

O presidente do Instituto da Água portugués anunciou que o estudo de impacto ambiental do proxecto de encoro de Sela vai ser sometido a consulta pública. O estudo, encargado polas dúas empresas promotoras (Unión FENOSA e Electricidade de Portugal), xustifica a construción da barragem, tentando minimizar a importancia dos seus altos custos ecolóxicos, sociais e económicos.

O encoro de Sela sería construído no tramo internacional do río Miño. Asulagaría unhas 500 hectáreas de terreos pertencentes aos municipios de As Neves e Arbo, en Galiza, e de Monção e Melgaço, en Portugal. Causaría alteracións microclimáticas (aumento de néboas,...) que incidirían negativamente nos

cultivos, especialmente nos de vide, destinados á produción de viño albariño. Tamén sería prexudicial para o conxunto da fauna e da flora, en particular para os peixes migratorios (lamprea, salmón, sábel,...). Ademais, faría desaparecer baixo as augas máis de 600 pesqueiras, antigas construcións de elevado interese cultural e arquitectónico.

A Plataforma Ecoloxista Luso-Galaica, formada pola Federación Ecoloxista Galega (FEG), pola Confederação Portuguesa das Associações de Defesa do Ambiente (CPADA), e por

outras organizacións ecoloxistas locais do sur de Galiza e do norte de Portugal, está a desenvolver unha campaña contra o encoro de Sela.




Foto: Xosé Barcia

“O LIXO ESPANHOL POLUI AS NOSSAS PRAIAS”

Este foi o titular da capa do Notícias Magazine do pasado 30 de xuño. O suplemento dominical máis lido en Portugal denunciou nunha reportaxe que as praias de Caminha e de Viana do Castelo están contaminadas por milleiros de envases de plástico, en parte procedentes dos vertedoiros municipais incontrolados de Baiona e A Guarda, situados na beiramar. Parte do lixo depositado nestes vertedoiros acaba no mar e espállase polas costas, chegando até as praias do norte de Portugal.

A pesar das protestas motivadas polos graves danos causados ao ambiente e á saúde pública, “os gobernos pasan e as lixeiras continúan: na Galiza, ao pé do mar!”. O eurodeputado portugués e vicepresidente da organización ambientalista Globe (presidida por Al Gore), Carlos Pimenta, afirma que Galiza vai continuar a recibir fondos da UE até 1999, mais “se os gasta todos en auto-estradas, é claro que non chega para acabar con as lixeiras”.

A Plataforma Ecoloxista Luso-Galaica dirixiuse ao alcalde de Baiona e á alcaldesa de A Guarda para demandar a clausura urxente dos respectivos vertedoiros municipais e a recuperación ambiental das zonas afectadas. Tamén solicitou unha mudanza radical das políticas municipais de xestión do lixo, proponendo a xeralización da recollida selectiva en orixe de todo o lixo e a súa reciclaxe e compostaxe, solución ecolóxica viábel a nivel comarcal.

PLANO ESTRATÉXICO DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU)

O Ministerio do Ambiente presentou a finais do pasado ano un Plano que reorienta a estratexia portuguesa en materia de RSU para os anos 2000 e 2005. O Plano está claramente condicionado pola existencia de avanzados proxectos municipais para a construción de senllas incineradoras nas Áreas Metropolitanas de Porto e de Lisboa.

Partindo dunha situación parecida

á do noso país, o Plano pretende conseguir no ano 2005 as seguintes metas:

- Reducción	5%
- Compostaxe+Tratamento anaerobio	25%
- Reciclaxe	25%
- Incineración	22%
- Vertido controlado	23%

Segundo o Plano, a erradicación das lixeiras será unha realidade no ano 2000.


O Plano afirma que se conseguirá un valor medio de produción de lixo por habitante/ano que non superará os 300 Kg, sinalando que “este número constituirá um permanente padrao de referència em qualquer regiao, seja qual for o seu nível de vida ou as suas características intrínsecas socio-culturais”. A produción media actual é de 328.5 Kg/hab/ano, practicamente igual á de Galiza.

No proceso de elaboración do Plano participou un amplo Consello de Acompanhamento no que estiveron representadas as principais organizacións de defensa do ambiente..

EN DEFENSA DOS CAMIÑOS DE FERRO


Desde o mes de decembro pasado ven-se desenvolvendo unha campaña en defensa dos camiños de ferro en Galiza consistente no envío de tarxetas postais ao Ministro de Fomento coas que se reclaman os investimentos necesarios para levar a cabo a modernización do transporte ferroviario. A tarxeta foi editada por ADEGA e contén unha breve exposición das vantaxes dos camiños de ferro fronte a outros medios de transporte: menor consumo enerxético, menor emisión de contaminantes, menor impacto das infraestruturas, muito menor índice de accidentes etc.

Abandonados desde hai décadas e con recentes recortes no servizo os camiños de ferro galegos pecisan de melloras nas vías e nos comboios, de electrificación e duplas vías que permitan superar as baixísimas velocidades actuais, de melloras das estacións e dos horarios... que os fagan útiles a unha grande parte dos viaxeiros do noso País.




O Parlamento de Galiza aprovara por unanimidade un plano para a mellora e modernización do ferrocarril, pero os Presupostos Xerais do Estado para o ano 1997 non inclúen as partidas necesarias para os nosos camiños de ferro.

Esta campaña de ADEGA tivo unha mui boa acollida na sociedade, sendo preciso facer unha segunda tirada xa que se esgotaron as primeiras 5.000 tarxetas editadas e ven a continuar a campaña iniciada na primavera pasada por un transporte respectuoso co meio.

Tamén a Mesa pola Defensa dos Camiños de Ferro na Galiza (na que participa ADEGA) lanzou unha campaña polo mesmo tema na que se inclúe o envío de tarxetas postais, a distribución de folletos informativos e a recollida de sinaturas solicitando a revisión do Plano Director de Infraestruturas nos termos acordados polo Parlamento Galego. A Mesa organizou en varias comarcas do País diversas actividades e mobilizacións, ten solicitada unha entrevista co Conselleiro de Obras Públicas e, no momento de escribir estas liñas, valora a posibilidade de convocar unha mobilización nacional en consideración de que debemos facer o posíbel para que Galiza non perda o tren. 

Defendamos o ferrocarril



é máis ecolóxico

TARXETA EDITADA POR ADEGA PARA RECLAMAR DO MINISTERIO DE FOMENTO A MELLORA DO FERROCARRIL GALEGO. OS/AS INTERESADOS/AS EN PARTICIPAR NA CAMPAÑA PODEN CONTACTAR COA ASOCIACIÓN

ADEGA
R. DE TOURO, 21-2º
TF. 981 - 57 00 99
SANTIAGO

ALEGACIONES DE ADEGA Á CANLIZACIÓN DO RÍO SAR EN PADRÓN

Sometido á información pública o proxecto de canlización do río Sar en Padrón, ADEGA presentou no seu día (24 Decembro 96) alegacións ó proxecto. Considera que as dimensións da obra foron calculadas sen o rigor necesario, habida conta da ausencia de datos relativos os últimos 25-30 anos, e que se proxecta sen atender previamente a solucionar os posibles obstáculos que o río pode ter para desaugar rapidamente grandes volumes de auga.

A parte de cuestionar a necesidade da obra, plantexa alegacións á anchura da canle, ós seus taludes de formigón e ó seu fondo, por entender que a canle non debe ser plana nin simétrica, e que na súa parte inferior deben proxectarse alternancias de "poceiras" e "rápidos" que poderían contribuir a un aspecto estético máis aceptable e a permitir unha certa produtividade biolóxica. ADEGA entende que o impacto da obra podería ser calificado de crítico pola perda permanente das condicións ambientais -transformación do río nunha canle de auga- e que as medidas correctoras propostas, que supoñen unha porcentaxe moi pequena do presuposto total, non conseguirán paliar o impacto.

ENTREGAN NO CONCE- LLO DE SANTIAGO MÁIS DE 3000 SINATURAS RECLAMANDO A RECO- LLIDA SELECTIVA E A RECICLAXE

A Plataforma de Compostela pola Redución, a Reutilización e a Reciclaxe, e en contra da Incineración, reiniciou este curso a súa actividade cunha campaña de sensibilización pola recollida selectiva e a reciclaxe.

Entre outras actividades, realizouse na Praza do Toural o 30 de Novembro un Acto de carácter lúdico-informativo, con reparto de pequenas bolsas de compost, difusión de información sobre unha xestión adecuada do lixo, exposición de distintos tipos de plásticos, titeres, etc. Nesa e noutras ocasións recolléronse sinaturas para reclamar ó Concello de Santiago unha ampliación inmediata da recollida do vidro, e a

implementación urxente, con carácter xeralizado, da de papel e de pilas, así como da materia orgánica para facer compost. No escrito, aparte da solicitude, recordábase a proxección europea da cidade de Compostela e a necesidade de mellorar a xestión do lixo, adaptándose ás novas tendencias xa incorporadas noutras cidades.

De resultas desta actividade, a Plataforma, na que están integrados todos os grupos ecoloxistas con actividade no Concello (Oureol, ADEGA, A Curuxa, Xerfa, Xarxa e a Sociedade Galega de Historia Natural) ademais do BNG e outros grupos políticos e sociais, presentou no Concello de Santiago, no mes de Febreiro, o escrito antes mentado, avalado por máis de 3000 sinaturas, máis de 3000 veciños e veciñas de Santiago que solicitan a ampliación da recollida selectiva e a reciclaxe de distintos compoñentes do lixo.

A Plataforma solicitou ó tempo unha entrevista co Concelleiro responsable da xestión do lixo, en orde a obter información dos proxectos inmediatos do Concello neste campo e de intercambiar opinións.

ADEGA SOLICITA A PARALIZACIÓN DAS OBRAS DA N-640 Ó SEU PASO POR CUN- TIS.


As obras da variante da N-640 ó seu paso polo casco urbano de Cuntis afectan ó cauce do río Gallo e dun dos seus afluentes, e servirán de barreira para zonas húmedas que ata o momento actuaban de "esponxa" para as augas. Tamén poderían interferir na circulación subterránea das augas que logo afloran no manantial da Fereira. Non se coñece estudio de impacto ambiental nin declaración de efectos ambientais respecto o trazado aludido.

Habida conta de que as obras poderían agravar a problemática das inundacións que veñen afectando a Cuntis, ADEGA, o día 27 de Xaneiro, denunciou a situación perante a Xefatura Provincial de Protección Ambiental de Pontevedra e solicitou ó Organismo Autónomo "Augas de Galicia" a paralización das mentadas obras da N-640.

DISTRIBUCION DE PLANTAS AUTOCTONAS

Desde antes do natal ADEGA está a distribuir exemplares de acevros e teixos (procedentes do viveiro ARGO-AT), especies autóctonas en regresión en Galiza. Ademais da venda das plantas distribúen-se folletos explicativos das características e a importancia destas especies, nun intento de aumentar o coñecemento e a recuperación das árbores autóctonas.

A campaña vai continuar (tendo en conta a próxima celebración do "día da árbore" en moitas localidades) polo que calquera colectivo ou particular interesado pode contactar con ADEGA (Tf. 981-570099)



INCOADO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR VER- TIDOS A UN RIO

A finais do pasado mes de outubro produciuse unha grande mortandade de peixes nun amplo tramo do río Lañas, no Concello de Touro. ADEGA tivo coñecemento do sucedido por comunicación dun veciño e ademais de face-lo público presentou denuncia ambiental ante a Comisión Provincial de Meio Ambiente insistindo na necesidade de determinar as causas e responsábeis deste desastre e evitar que volva a ocorrer.

Agora comunicase-nos a incoación de expediente sancionador á Queixaría San Miguel (de San Miguel, O Pino) ao parecer responsábel da contaminación do río por verter residuos orgánicos industriais.

Agardemos que as autoridades cumpran co seu deber de vixilancia e protección do medio e non se reproduzan feitos que aumentan o deterioro dos nosos ríos.

CRÓNICA LIXEIRA PARA ASOCIADOS E ASOCIADAS

ASEMBLEA XERAL DE ADEGA

ELVIRA CIENFUEGOS

A Asemblea Xeral constitúe un fito na dinámica da Asociación: nela dase conta das actividades realizadas, faise un balance económico, determínanse as liñas de actuación para o seguinte período, elíxense, cando procede, membros para a Xunta Directiva,... Consegur que a ela asista o maior número de socios e socias e un reto que en cada ocasión se veñen planteando as Xuntas Directivas, con resultados diversos anque continúa a tendencia a alza. Para manter viva a necesidade de acudir a tales eventos vai esta crónica coloquial dirixida ós/ás que dalgunha maneira participan da vida da Asociación.

OS PREPARATIVOS

A primeira aproximación organizativa empezara meses antes, barallándose diferentes propostas: ¿Un día ou medio día? ¿Ponencias e/ou talleres? ¿Seminarios? ¿Conferencias?.

A inclusión de ponencias que recollesen as liñas básicas de traballo foi das primeiras propostas acordadas, e cada quen, dacordo coa súa especialización, elaborou a súa. Enviáronse ás Delegacións Locais para o seu debate e debatíronse logo nunha reunión da Xunta Directiva ata darlles a forma con que chegaron á Asemblea Xeral.

Ó tempo, fórase perfilando o desenvolvemento da Asemblea: duraría un día, habería conferencia, celebrárase o 23 de Novembro de 1996 no Salón de Actos do Centro Don Bosco,... De contado, foi enviada a convocatoria a todos os socios e socias.

Na semana anterior á celebración ultimábanse os detalles: distribuíanse invitacións

a colaboradores/as e achegados/as, preparábase documentación para entregar ós e ás asistentes, discutíase a distribución e decoración da sala, deseñábase e realizábase unha pancarta para presidila,... e tratábase de artellar unha proposta de Xunta Directiva, ó ratificarse Ramón Varela en renunciar ó seu cargo de Presidente.

Na noite do venres había xa solucións ás diferentes cuestións e o local deixouse practicamente listo para recibir ós e ás asistentes: para o sábado deixábase só a distribución de carteis que permitisen identificar rapidamente o edificio e o local -a chuvia e o vento facían temer pola súa conservación durante a noite- e os pequenos detalles que alguén poidese aportar antes das 11 da mañá.



O desenvolvemento da Asemblea: as actividades introductorias

Ás 10 da mañá do sábado, 23 de Novembro, xa había xente no local para comprobar as súas condicións e situar unha mesa con documentación para recepción de participantes. Acivos e teixos, obxecto dunha campaña de defensa do bosque autóctono, ocuparon un lugar ben visible, próximo á Mesa Presidencial.

Non tardaron en empezar a chegar representantes das distintas Delegacións, que se ocuparon en expoñer material de actividades levadas a cabo nas súas zonas respectivas. Santiago, organizadora do evento, tiña unha exposición de humor ambiental; O Carballiño, entre outras cousas, difundía valores naturais en inminente perigo; Lugo ofrecía unha colección de fotografías de vertedoiros incontrolados e outras desfeitas recentes,...

Ían incorporándose outros e outras participantes, que, logo de recoller a documentación, percorrían a sala intercambiando saúdos e observando as exposicións. Ás 11,20 aquilo xa era un bule-bule de xente.

E o Vicepresidente, que había de abrir a Asemblea, non chegaba, pesie a súa característica puntualidade. Non faltou quen empezara a sentir certo nerviosismo. Pero cando eran as 11,25 horas, Xesús Pereira fixo a súa entraba na sala: non había razóns para temer imprevistos.

Uns minutos despois, cando pasaban 3 da hora prevista para o inicio (as 11,30), daba comezo a Asemblea coa lectura dun comunicado do

seu Presidente, Ramón Varela, xustificando a súa ausencia e desexando éxitos na nova andadura da Asociación. De seguido pasouse a facer unha análise-valoración da situación ambiental de Galicia, na que, a parte dalgúns aspectos positivos, Xesús Pereiras fixo referencia á problemática do lixo, ó incremento de autovías, á contaminación atmosférica, ó descenso do bosque autóctono,... entre outros aspectos preocupantes da actualidade ambiental galega.

Xosé A. González Ferreira, enxeñeiro convidado para falar do plano de xestión de residuos urbanos do Morrazo, iniciou ás 12 a súa conferencia. O público abarrotaba a sala, superando mesmo as previsións máis optimistas; do éxito da convocatoria deu conta o xornalista presente, anque non se publicou fotografía. Foi a de Ferreira, un dos redactores do Plano e con experiencia na xestión do lixo da cidade de Córdoba, unha intervención que despertou un grande interese, tanto polo que dixo como por como o dixo, facilitando mesmo a participación antes de dar por rematado o seu discurso. A charla-coloquio, da que o final estaba previsto para as 13,30,

prolongouse ata pasadas as 14 horas sen que houbera abandonos na sala.

A ASEMBLEA PROPIAMENTE DITA

Informacións, propostas, debates, acordos, eleccións,..., de todo houbo (neste mesmo dossier de CERNA recóllese un resume do máis relevante), nun clima de evidente cordialidade.

Antes de rematar as actividades da mañá facilitárase información sobre locais próximos onde poder xantar. Pero a maioría foi dar ó mesmo sitio, o que, cabo do retraso da mañá, impediu o inicio puntual da sesión da tarde, pesie ó esforzo da Directiva por conseguilo.

Despois de aprobar a Acta da Asemblea anterior, deuse conta do balance económico, fíxose un breve repaso ás actividades desenvolvidas e propuxéronse liñas prioritarias de actuación para o futuro. A continuación expúxéronse as ponencias, ó que seguiu un debate no que cada quen expuxo o seu punto de vista e fixo as propostas que considerou pertinentes.

Acordouse suprimir o descanso pre-

visto, á vista do retraso inicial, e proseguíu a xornada falándose de cuestións organizativas -proposta de acadar 200 novos socios/as- e económicas, e tracexando liñas de actuación.

Coa elección da nova Xunta Directiva rematou a Asemblea, cando pasaba pouco das 7 da tarde: un record de puntualidade.

O REMATE

Houbo quen se viñera ocupando de preparar un cumplido remate para a xornada de discusión e cando a Asemblea finalizou, alí estaba a charanga Os estalotes (a charanga do barrio no que estamos) para poñer a nota festeira. E para que non houbera que irse de baldeiro, había castañas asadas (aínda quentes), e empanadas, e bebidas: o necesario para darlle un avío ó corpo. Que había que repoñer forzas para a volta e para deixar o local como o atopáramos: retirar a parcanta e as exposicións, volver as sillas ó seu sitio, ... deixar todo como o atopáramos. Consegúmolos. E foi entón cando para algúns e algunhas empezou a troula: unha paréntese antes do exercicio das novas responsabilidades e do inicio da nova andadura.

NAS MARXES DO RIO BÚBAL, EN CARBALLEDO

UNIÓN FENOSA DANA IRREVERSIVEMENTE UN CARBALLO CENTENÁRIO

Os propietarios da finca impediron que se consumara a tala dun carballo centenário situado perto dunha liña eléctrica (de tres fios con poste de madeira) de Unión Fenosa, á que nunca tiña estorvado até o momento. O exemplar danado forma parte dun entorno de grande valor, no que se sitúan máis dun cento de carballos e outras especies, ademais doutro carballo que presenta unha lúpia de mui grandes dimensións, probablemente a máis grande de todo o país e mesmo de Europa.

O carballo, catalogado como notábel e singular, está situado dentro do Domínio Público Hidráulico. Trátase dun exemplar da especie *Quercus Robur*, cun perímetro basal de 3,95 metros e diámetro de 1,26 metros, e uns 25 metros de altura, achando-se en bon estado fitosanitario e cunha alta vitali-

dade. O corte basal infrinxido presenta unha profundidade de 0,53 metros, sendo posíbel que afectara á duramen, xa que o rádio é de 0,63 metros.

Unha empresa especializada realizou un informe técnico á solicitude dos propietarios coa finalidade de determinar o valor do exemplar e cuantificar os danos. A aplicación da Norma de Granada arroxa un valor básico de 8.389.500 Ptas, e un valor final de 26.846.400 Ptas (26 millóns oitocentas corenta e seis mil catro centas pesetas). A valoración de danos realizouse por aplicación do método publicado polo ICONA en 1975, arroxando un valor dos danos de 9.396.240 Ptas, cantidade que debería ser idennizada aos propietarios, que son até o día de hoxe os responsábeis da conservación deste e doutros exemplares que conforman o entorno.


Pero ademais, ao tratar-se do Domínio Público Hidráulico, ADEGA considera que se pudo ter cometido un delito ecolóxico, segundo tipifica o actual código penal. Ademais dos danos materiais infrinxidos, existe un dano social, xa que este tipo de actuacións dificultan a adopción de calquera medida de conservación e fomentan o incumprimento xeneralizado da lexislación ambiental vixente, ademais de desalentar aos propietarios a conservar este tipo de arborado. ADEGA dirixiu-se á Confederación Hidrográfica do Norte e á Delegación Provincial de Meio Ambiente de Lugo para coñecer se se tiña expedido autorización dalgún tipo para esta tala, ao tempo que apoia o inicio de accións xudiciais por parte dos propietarios da finca.

Espacios Naturais de Galicia. 2.
Provincia de Pontevedra

JOSÉ AGUSTÍN ALCALDE LORENZO ·
FRANCISCO DOCAMPO BARRUECO · JOSÉ LOIS
MUÑIZ · CARLOS REY RAÑO · ÁLVARO
RODRÍGUEZ POMARES
BAHIA EDICIONS. A CORUÑA 1.996

Este segundo libro da serie "Espacios Naturais de Galicia" está adicado ó estudio da Provincia de Pontevedra.

Na mesma liña có primeiro libro que iniciou a colección coa provincia da Coruña, escóllense unhas áreas naturais, todas elas de gran valor ecolóxico e paisaxístico.



Os espacios seleccionados (dezaseis) sobrancean polo seu interese xeolóxico, botánico, faunístico, así como arqueolóxico, histórico ou cultural. O seu coñecemento e divulgación debería contribuir a desenvolver nos posibles visitantes, usuarios e Organismos competentes actitudes e actuacións de respecto e conservación, e frea-las agresións que en moitos casos están a sufrir.

O estudio de cada espacio comenza pola súa localización xeográfica facilitando un pequeno mapa da zona. A continuación indícase a maneira máis doada de acceso e propóñense un ou máis itinerarios para facilita-lo seu percorrido. Anque a descripción é bastante detallada bótase de menos un mapa do itinerario recomendado coa localización dos puntos de maior interese. Concretáanse así mesmo os aspectos máis destacados: paisaxístico, botánico, zoolóxico...etc.

No seguinte apartado faise unha descripción pormenorizada da súa xeoloxía e xeomorfoloxía, así coma da flora e vexetación e da fauna características dos distintos ecosistemas que se poden diferenciar neste espacio.

Remata aportando datos salientables de tipo histórico ou cultural, o grao de protección do que se beneficia a zona e as principais ameazas a que está exposta.

Un glosario de termos e unha relación bibliográfica poñen punto final a esta útil guía.

R.P.

Guía Ecolóxica do Litoral Galego

LUÍS MÍGUEZ RODRÍGUEZ · CONCEPCIÓN
GONZÁLEZ · OSCAR GARCÍA ÁLVAREZ
COL. MONTES E FONTES
EDICIONS XERAIS DE GALICIA · VIGO 1.996

A colección Montes e Fontes de Edicións Xerais conta cunha nova publicación, "Guía ecolóxica do litoral galego", libro que, como din os autores na introducción, intenta dar resposta ás preguntas que xorden ante a observación do que se presenta ós nosos ollos percorrendo algunhas das zonas do extenso litoral de Galicia.


A novidade desta obra é que ofrece, conxuntamente, información sobre fenómenos ligados ó medio mariño. Isto permite o seu uso como libro de campo, sendo ademais que de lectura amena e asequible, xa que as explicacións dos textos van acompañadas de debuxos e fotografías de gran calidade e os termos técnicos de difícil comprensión aparecen nun glosario ó final da obra.

O contido do libro está dividido en grandes áreas. A primeira, "O medio", inclúe: Orixe e evolución da costa galega, destacando as rías como a máxima expresión da interacción entre a terra e o mar; o modelado litoral, factores que o determinan e formacións máis destacadas como acantilados, praias, dunas, barras e lagoas litorais, marismas e esteiros, illas. Características físicas e químicas da auga mariña: salinidade, temperatura, densidade, luz e cor, gases disoltos, nutriente. O mar en movemento: ondas, mareas e correntes, facendo fincapé nos procesos xeolóxicos que acontecen no ámbito intermareal.

A segunda, "Ecoloxía do medio litoral", ofrece unha visión dos seres vivos intermareais e das relacións que se establecen entre eles e o medio.

Na terceira, "Ecosistemas litorais", desde un punto de vista ecolóxico, os autores presentan as condicións que determinan os biotopos litorais máis comúns e os seres vivos propios de cada un deles, facendo un estudio detallado de rochedos, substratos móbiles e biotopos artificiais, como as bateas.

A cuarta e última describe aqueles lugares onde se poden ver os ecosistemas descritos na obra, como a costa norte, a rasa costeira, as rías, o Golfo



Ártabro,...indicando enclaves que pola súa panorámica permiten a observación de fenómenos ou de estruturas a grande escala. En cada un dos lugares sinalan e describen 97 roteiros, acompañando a descrición con 95 fotografías.

Na sección de apéndices, ademais do glosario de termos, figura unha bibliografía de obras recomendadas e tres listados das especies citadas no libro, un deles co nome científico, outro co nome galego e un xeral en orde alfabético. Os dous primeiros listados teñen en común un código numérico, de maneira que sabendo o nome en galego dunha especie, pódese saber o científico e ó revés. No listado xeral aparecen as páxinas onde se citan as especies, tanto polo nome galego como polo científico.

En conxunto resulta unha obra moi atractiva, de gran calidade e fácil manexo.

E. Romero

Cada día, a natureza está mais amiazada e mais degradada.

A contaminación e os residuos fan casi imposíbel unha vida san.

O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en enormes rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: camada de ozono, efecto invernadoiro e cambio climático, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

Cumpre actuar xá. Na Galiza tamén. Fai-te sócia/o

PARA A DEFENSA DA NATUREZA COLABORA CON ADEGA

SE ES SÓCIO...

- Das-lle forza ao ecoloxismo e fas posíbel os seus proxectos de defensa da natureza.
- Apoias unha via alternativa de desenvolvemento ecolóxico e galego.
- Loitas contra a contaminación dos ríos e os mares, do solo e do ar.
- Favoreces a conservación dos espazos naturais, da flora e da fauna.

E ADEMAIS...

- Recibirás pontualmente CERNA, Revista galega de ecoloxía e medio ambiente.
- Estarás ao día a respecto das actividades que organiza Adegas nas que, cando non sexan gratuítas, terás desconto.
- Poderás beneficiarte dun desconto no material bibliográfico de que dispón a Asociación.

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA (ADEGA)

Rúa de Touro, 21 - 2º
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif. y FAX: (981) 570099

Apelidos Nome
Data de nacemento Profesión NIF
Enderezo: Rúa C.P.
Localidade Provincia Teléfono

CUOTAS

Inscripción como Socia/o

(inclúe a suscripción á revista "Cerna")

- Xuvenil, estudantes, parados (750 ptas./trimestre)
- Normal 1 trimestre (1.500 ptas.)
- Normal 1 ano (6.000 ptas.)
- Superior (indicar cantidade:.....Ptas.)

Suscripción á revista "Cerna"

- Suscripción anual (4 números) 1.500 ptas.

FORMA DE PAGO

- Ingreso na conta de Caixa Galicia N.º 2091 0300 40 30 40119852, enviando xustificante do mesmo
- Xiro Postal N.º Data
- Domiciliado

Banco ou Caixa
Sucursal/localidade
Núm. de conta
Titular

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa de Galicia (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación.

Asdo.:.....

PEDIDO DE MATERIAL DE DIVULGACIÓN

REMITIR O PRESENTE BOLETÍN DE PEDIDO A:

ADEGA

Rúa de Touro, 21 - 2º · 15704 Santiago de Compostela · Tfno. e Fax: (981) 57 00 99

Cantidade Relación de materiais e prezos (para socios/as de ADEGA: desconto do 15%)

LIBROS (Gastos de envío: + 200 ptas.)

- Os Resíduos Radioactivos. Ameaza no presente e para o futuro* (300 ptas)
- Xornadas de Educación Ambiental* (400 ptas)
- Celulosas e Progreso* (400 ptas)
- Eucaliptos, Celulosas e o Forestal Galego* (1.100 ptas)
- Baldaio, espazo protexido* (1900 ptas)
- Guia da Aves de Galicia* (3.100 ptas)
- Forgoselo, espazo natural* (2.300 ptas)
- O Lobo, a extinción de especies e outros ensaios sobre conservación* (2800 ptas)
- Os Bosques Atlánticos Europeus* (1895 ptas)
- O Resíduos na Galiza: Impacto ambiental e alternativas de tratamento* (2600)
- Contaminación atmosférica. 1. As Centrais Térmicas. A Choiva ácida* (Guia didáctica;)
- Guia das árbores e bosques de Galicia* (3900 ptas)
- Guia de espacios naturais de Galicia* (2840 ptas)
- Guia e Rutas dos Ancares* (2990 ptas)

REVISTAS ADEGA-CERNA (Gastos de envío, 1 exemplar: +100 ptas.; 2 ou mais exemplares: +200 ptas.):

- Adega nº 1 , 2 , 3 , 4 , 5 ;
Cerna nº 6 , 7 , 8 , 9 (200 ptas./exemplar)
Cerna nº 10 , 11 , 12/13 , 14 , 15 , 16 , 17 ,
Cerna nº 18 , 19 (300 ptas/exemplar)
 COLECCIÓN COMPLETA REVISTAS ADEGA-CERNA (nº 1-19): 3.000 ptas.

ADEGA CADERNOS (Gastos de envío, 1 exemplar + 100 ptas; 2 ou mais exemplares: +200 ptas):

- Minicentrales Hidroeléctricas e Enerxía Eólica na Galiza* (600 ptas.)
- A Economía e a Ecoloxía do meio mariño* (600 pts.)

OUTROS CADERNOS (Gastos de envío, 1 exemplar: +100 ptas.; 2 ou mais exemplares: +200 ptas.)

- A Ecoloxía do Meio Mariño* (2ª ed., 300 ptas)

FOLLAS INFORMATIVAS/TRIPTICOS (200 ptas. por lote completo, incluídos gastos de envío)

- Roteiros ecolóxicos*
- Reciclaxe de residuos e incineración*

- Pola seguridade das nosas costas (o "Cason")*
- Celulosas na Galiza*
- As nosas árbores*
- Contaminación fluvial*

DOSIERS (Gastos de envío, un ou máis exemplares: + 100 ptas)

- Vivir sen nucleares* (100 ptas.)
- As centrais térmicas: As Industrias mais Contaminantes de Galicia; Choiva Ácida: Problema Grave do Meio Ambinete Galego* (100 ptas.)
- O "Mar Exeo": Marea Negra na Coruña* (100 ptas.)
- Celulosas de Pontevedra: 30 Anos de Degradación Ambiental* (100 ptas.)
- Incineradora non: Materiais Didácticos sobre Incineración* (100 ptas.)
- Foro Alternativo: As Outras Voces do Planeta. 50 Anos de BM-FMI* (100 ptas.)
- História e Alternativas para os Camiños de Ferro da Galiza* (100 ptas)
- As Contas de Bens: Catástrofe e Impacto Ambiental do Vertedeiro da Coruña* (100 ptas.)

CAMISSETAS ADEGA (1.000 ptas.)

- Modelo A, Talla M* (de cor branca, con anagrama pequeno de ADEGA diante)
- Modelo A, Talla L* (de cor branca, con anagrama pequeno de ADEGA diante)
- Modelo B, Talla M* (de cor branca, con anagrama grande de ADEGA detrás)
- Modelo B, Talla L* (de cor branca, con anagrama grande de ADEGA detrás)

FORMA DE PAGO

- Ingreso en Caixa Galicia Cta. N.º 2091 0300 40 30 40119852, enviando xustificante do mesmo
- Xiro Postal N.º Data
- Domiciliado
Banco ou Caixa
- Sucursal/localidade
- Núm. de conta
- Titular











Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa de Galicia (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles presente a devandita Asociación

Asdo.:.....


Por un pedido superior á 1000 ptas, recibirás GRATIS o segundo número de ADEGA-CADERNOS, co título de "A ECONOMIA E A ECOLOXIA DO MEIO MARIÑO" (História da pesca, situación dos caladoiros, aproveitamento dos residuos...).

Subscribe-te a CERNA e recibirás GRATIS o Caderno: "A Ecoloxía do Meio Mariño"

UNHA REVISTA DE COLECCIÓN !



CONSIGUE A COLECCIÓN COMPLETA DA REVISTA
ADEGA - CERNA



Realiza o pedido enviando o cupón adxunto ou dirixíndote o local de ADEGA na Rúa de Touro, 21-2º de Santiago. Telf. (981) 57 00 99



CANZÓN DO TEMPORAL

**Os berros dos mazaricos
rachan as sedas do mar,
no carro das mouras nubens
ven do sur o temporal.**

**Nas barras e nos peiraos
rompen as foulas cristadas
de lóstregos azuados
das estrelas afogadas.**

**Púxose o ceo de loito
polos que van afogar,
As centellas como trallas
baten no lombo do mar.**

LUÍS AMADO GARBALLO
(1901-1927)

Cerna, a túa revista, naturalmente